


# **Dereito das mulleres**

Guía de  
Igualdade  
no rural





# **Dereito das mulleres**

## Guía de Igualdade no rural

Asociación Punto Delas



**Deputación**  
DA CORUÑA

**Financia:** Dereitos das mulleres. Guía de Igualdade no rural

1ª edición, decembro 2025

**ISBN:** 979-13-991359-6-1

**DL:** C 1978-2025

**Edita:** Asociación Punto Delas e Sacauntos

**Financia:** Deputación de Coruña

**Investigación e redacción:** Asociación Punto Delas e Secretaría  
das Mulleres do Sindicato Labrego Galego

**Deseño e diagramación:** Sacauntos

**Imprime:** Sacauntos

## Introdución

### Obxectivos desta guía

**E**sta guía ofrece un resumo da situación actual dos dereitos das labregas no ámbito rural. Ten un formato práctico que permite consultar calquera parte de xeito independente.

Abarca as temáticas seguintes:

- marco xurídico e institucional global
- formulas xurídicas existentes para mulleres labregas
- axudas económicas para a autonomía das mulleres
- Política Agraria Común (PAC) con perspectiva de xénero
- dereitos das mulleres coidadoras e dependentes
- violencias machistas no rural
- ferramentas e recursos para o apoderamento das mulleres

O contido desta guía sobre dereitos das mulleres cobra especial relevancia no contexto global actual de militarización da sociedade, de incremento dos fascismos e incluso da nova misoxinia que despreza de forma sutil e implícita ás mulleres e ao feminismo. É importante destacar que segundo a feminista Nuria Varela, vivimos nun contexto de «spellismo da igualdade», é dicir que o noso Estado ten unha lexislación en vigor a favor da igualdade, pero que aínda así continua funcionando coma un sistema patriarcal de consentimento. Este concepto refírese a que o verdadeiro problema radica na aplicación das leis de igualdade: aínda que estean aprobadas, non sempre se levan á práctica nin se integran de maneira real na vida cotiá da sociedade. Coñecer ben os nosos dereitos e as leis que existen en materia de igualdade é o primeiro paso imprescindible para asegurármonos do debido cumprimento delas.

O traballo que aquí presentamos foi deseñado pola asociación Punto Delas, adicada á atención das mulleres no rural e á defensa dos seus dereitos, coa colaboración do Sindicato Labrego Galego, e financiado pola Deputación da Coruña. Foi elaborado grazas a recursos teóricos —entre os cales se atopan informes de organizacións compañeiras en Euskadi e estudos xerais doutras entidades—, así como grazas aos testemuños de labregas e de traballadoras de Punto Delas e do Sindicato Labrego Galego.

## **A quen vai dirixida**

**E**sta guía vai dirixida principalmente as labregas galegas, de proxectos de pequena escala, que practiquen a agroecoloxía.

As labregas teñen un papel fundamental na nosa sociedade, pero non gozan do debido recoñecemento social, cultural nin político. Son as que se encargan de alimentar de maneira saudable aos núcleos familiares e producen o 70% da alimentación<sup>1</sup>.

Para nós, o rural vai asociado ás labregas e labregos; non contemplamos o rural sen proxectos agrícolas. Debido ás grandes dificultades deste sector para saír adiante, conseguir un soldo digno e relevo xeracional, consideramos que esta guía pode ser unha ferramenta de apoio e apoderamento das mulleres no ámbito rural.

## **Breve contextualización das desigualdades de xénero no rural**

**A**s mulleres son as que coidan e que teñen que asumir tripas xornadas de traballo, ao realizar o traballo produtivo e reprodutivo á vez, moitas veces sen axuda nin recoñecemento laboral.

«Na perspectiva da terceira xornada de traballo, as traxectorias cotiás das mulleres non se limitan ao traballo produtivo e repro-

.....

1 Punto Delas, *Mulleres que coidan da terra e da comunidade*, 2024

ductivo, pero son as actrices centrais na construción dos vínculos comunitarios. Dedican unha parte substancial do seu tempo as asembleas e as instancias de grupos nos cales están vinculadas....»<sup>2</sup>.

A posibilidade de cotizar e de estar dada de alta na seguridade social foi o resultado dunha loita moi longa na secretaría das mulleres do Sindicato Labrego Galego.

Ademais, se moitas mulleres labregas están implicadas na vida comunitaria en xeral e en grupos ou asembleas, no mundo agrario resúltalles máis complexo participar dado que é un mundo moi masculinizado<sup>3</sup>.

As mulleres labregas no rural teñen menos acceso a servizos públicos debido á falta de servizos no rural, onde cada vez máis pechan escolas, centros de saúde, e falta transporte público. Ademais, o cambio climático afecta máis ás mulleres do rural, porque vai debilitando a viabilidade económica dos seus proxectos agroecolóxicos.

Por outra banda, a violencia machista sigue sendo un problema para moitas mulleres no rural, algo que podemos ver a diario dende o noso punto de atención a mulleres.

.....

2 Andrea P. Sosa Varrotti, *Agroécologie(s), femmes et travail*, 2014

3 Mundubat y Ceres, *Participación política de las mujeres en el estado español*, 2020





# Índice da guía

## **1. Marco xurídico e institucional**

- Instrumentos internacionais de protección dos dereitos das mulleres
- Principais leis de igualdade aplicables no Estado español
- Principais leis de igualdade galegas

## **2. Fórmulas xurídicas para as mulleres labregas**

- Titularidade compartida dos proxectos agrícolas e a súas vantaxes económicas para as mulleres
- Outras fórmulas xurídicas posibles, sociedades civís, SATs, cooperativas, etc.
- Testemuño da labrega Marisol García Freire.

## **3. Ferramentas económicas para a autonomía das mulleres**

- Plan Emega
- Axudas de conciliación
- Complemento redución fenda de xénero
- Bonificación de cotas
- Bonificacións para persoas autónomas

## **4. A Política Agraria Común (PAC) con perspectiva de xénero**

- Que é a PAC e como afecta ás mulleres labregas?
- Axudas de incorporación e plans de mellora
- Testemuños de labregas
- Revisión crítica da PAC dende unha mirada feminista
- Propostas para a próxima PAC 2028-2034

## **5. Dereitos das mulleres coidadoras e persoas dependentes**

- A Lei de Dependencia: dereitos e limitacións
- A realidade da atención non remunerada no rural.
- Como solicitar axudas e recoñecementos oficiais.

## **6. Violencias machistas no rural**

- Tipos de violencia
- Especificidades do rural: illamento, estigmas, dependencia económica.
- Recursos de atención e protección: CIMs, puntos de información e as súas carencias no rural.
- Axudas económicas para vítimas de violencia de xénero

## **7. Ferramentas e recursos para o apoderamento das mulleres**

- Participación social e política das mulleres labregas.
- Formacións e espazos de encontro: exemplo do encontro anual da secretaría das mulleres do SLG

## **8. Bibliografía**



# 1. Marco xurídico e institucional

## Instrumentos internacionais de protección dos dereitos das mulleres

**A**ntes de centrarnos no contexto do Estado español, e máis especificamente no contexto galego, é importante destacar que existen varios instrumentos internacionais de protección dos dereitos das mulleres. A forza vinculante para os Estados de cada instrumento detallado a continuación, pode variar segundo cada un deles. Hai algúns que non teñen ningún carácter obrigatorio para os Estados, sendo moitas veces leis de tipo ‘soft law’; porén, si teñen forza a nivel da potencial presión social que poden exercer sobre os Estados, o que nos serve de referencia do nivel de consciencia internacional sobre este tema. É o claro exemplo da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Outros si teñen forza xurídica vinculante, a partir do momento que o Estado os ratifica, como é o caso dos Convenios da OIT.

Nestes acordos internacionais están listados varios dereitos das mulleres que imos resumir a continuación:

- **Dereito á Educación:** A estudar o que queiran e a unha educación sen estereotipos. Dereito a igualdade de condicións entre mulleres e homes no acceso á educación.
- **Dereito á Saúde** e a ter un acceso á sanidade e ao seguimento da súa saúde que teña en conta as súas particularidades como mulleres.

- **Dereito ao Desenvolvemento.**
  - **Dereito á vida, dereito a non sufrir discriminación nin violencia polo feito de nacer mulleres.**
  - **Dereito á liberdade e a seguridade persoal.** Teñen dereito a vestirse como queiran, a decidir sobre o seu corpo, a súa sexualidade e a súa reprodución sen coacción nin presións.
- **Dereito á libre elección do matrimonio,** sen matrimonios prematuros nin forzados.
- **Dereito ao Traballo.**
  - Dereito a non ser discriminadas no traballo nin no acceso aos recursos económicos e de produción.
- **Dereito á Participación Política.**
  - **Dereito a expresarse libremente,** a falar alto e reclamar os seus dereitos sen medo a ser encarceradas, perseguidas ou asasinadas por iso.
  - **Dereito á vida política e pública,** teñen dereito a elixir e tomar cargos públicos.
- **Dereito a unha Vida Libre de Violencia.**
  - **Dereito a non ser maltratadas nin asasinadas** polas súas parellas ou ex parellas, a non vivir co medo constante a ser agredidas sexualmente con impunidade.
- **Dereitos Sexuais e Dereitos Reprodutivos**
  - **Dereito a decidir sobre a súa vida sexual e reprodutiva,** sobre se ter ou non fillos, sobre a súa orientación sexual e identidade de xénero. Tamén teñen o dereito á libre elección da parella e ao non cuestionamento das súas relacións afectivas.

Daremos un listado dos principais declaracións, convenios e pactos, que teñan algún apartado sobre dereitos das mulleres, na táboa seguinte. Falaremos de instrumentos sobre mulleres en xeral, pero tamén de instrumentos enfocados nos dereitos das labregas.

| Nome                                                                                                                        | Data de aprobación | Institución                              | Artigos sobre dereitos das mulleres                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Declaración Universal dos Dereitos Humanos                                                                                  | 1948               | Nacións Unidas                           | Todos os artigos falan sobre dereitos das persoas e dos seres humanos en xeral                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |
| Convenio 100 sobre igualdade de remuneración                                                                                | 1951               | Oficina Internacional do Traballo (OIT)  | Todos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
| Convención sobre o consentimento para o matrimonio, a idade mínima para contraer matrimonio e os requisitos dos matrimonios | 1962               | Nacións Unidas                           | Todos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
| Convenio 111 sobre discriminación en materia de emprego e ocupación                                                         | 1968               | OIT                                      | Todos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
| Convención sobre a eliminación de todas as formas de violencia sobre a muller                                               | 1979               | Nacións Unidas                           | Todos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
| Convenio 156 sobre traballadores con responsabilidades familiares                                                           | 1981               | OIT                                      | Todos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
| Declaración mundial de dereitos humanos de Viena                                                                            | 1993               | Conferencia Mundial dos dereitos humanos | «Os dereitos humanos das mulleres e das nenas son parte inalienable, integrante e indivisible dos dereitos humanos universais. A plena participación en condicións de igualdade das mulleres na vida política, civil, económica, social e cultural nos planos nacional, rexional e internacional e a erradicación de todas as formas de discriminación baseadas no sexo son obxectivos prioritarios da comunidade internacional.» Apartado 18 |
| Declaración e Plataforma de Acción de Beijing                                                                               | 1995               | Nacións Unidas                           | Todos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
| Declaración das Nacións Unidas de 2018 sobre os dereitos das persoas campesiñas e outras persoas que traballan no rural     | 2018               | Nacións Unidas                           | varios artigos como o 4; 13; 15; 21...                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |

## A Carta das Nacións Unidas sobre Dereitos labregos e doutras traballadoras do rural

«Segundo un estudo da FAO, arredor de 1.230 millóns de persoas traballan en sistemas agroalimentarios a nivel mundial [...] pero a pesar do feito de que contribúan en gran medida á economía e a garantir o acceso á alimentación, sofren de graves violacións dos dereitos humanos»<sup>4</sup>.

«Esta declaración da ONU é unha ferramenta estratéxica para fortalecer as loitas e propostas das organizacións do campo, dos millóns de campesiños e campesiñas, e outras persoas que traballan en zonas rurais, cuxas vidas e medios de vida dependen das súas terras, bosques, ríos e océanos. Establece unha xurisprudencia e un horizonte legal internacional para orientar lexislacións e políticas públicas en todos os niveis institucionais que benefician a aqueles que alimentan o mundo»<sup>5</sup>.

A pesar de que esta declaración non sexa xuridicamente vinculante para os Estados, ten unha forza política e moral e permite tamén a tribunais facer referencia a ela nas súas resolucións<sup>6</sup>.

A UNDROP esta composta por uns 28 artigos que recoñecen varios dereitos tanto sociais, culturais, como económicos, laborais e medio ambientais, imprescindibles para o campesiñado. Aquí están listados os títulos de cada artigo, que xa din moito dos dereitos recoñecidos nesta carta:

- **Labrega/o** (artigo 1)
- **Obrigas xeral dos Estados** (artigo 2)
- **Igualdade e non discriminación** (artigo 3)

.....

4 Faraoni V., Mammana I., *Cómo aplicar la UNDROP a escala europea y nacional para promover los derechos de lxs campesinxs*, Coordinación Europea Vía Campesina, Bruxelas, 2024.

5 ENHE BIZKAIA, *Análisis de las leyes que reconocen a las mjerres baserritarras*, 2015

6 Faraoni V., Mammana I., *Cómo aplicar la UNDROP a escala europea y nacional para promover los derechos de lxs campesinxs*, Coordinación Europea Vía Campesina, Bruxelas, 2024

- **Non discriminación ás mulleres** (artigo 4)
- **Dereito a recursos naturais e desenvolvemento** (artigo 5)
- **Dereito á vida, liberdade, e á seguridade da persoa** (artigo 6)
- **Liberdade de circulación** (artigo 7)
- **Liberdade de pensamento, opinión e expresión** (artigo 8)
- **Liberdade de asociación** (artigo 9)
- **Dereito a participar** (artigo 10)
- **Dereito á información** (artigo 11)
- **Acceso á xustiza** (artigo 12)
- **Dereito a traballar** (artigo 13)
- **Dereito a un ambiente laboral seguro e saudable** (artigo 14)
- **Dereito á alimentación e á soberanía alimentaria** (artigo 15)
- **Dereito a un ingreso e subsistencia dignos e aos medios de produción** (artigo 16)
- **Dereito á terra** (artigo 17)
- **Dereito a un ambiente limpo, seguro e saudable para utilizar e administrar** (artigo 18)
- **Dereito ás sementes** (artigo 19)
- **Dereito á diversidade biolóxica** (artigo 20)
- **Dereito a sistemas de auga potable** (artigo 21)
- **Dereito á seguridade social** (artigo 22)
- **Dereito á saúde física e mental** (artigo 23)
- **Dereito á vivenda** (artigo 24)
- **Dereito á educación e á formación** (artigo 25)
- **Dereitos culturais, e saberes tradicionais** (artigo 26)
- **Responsabilidade da ONU e outras organizacións intergobernamentais** (artigo 27)
- **Obriga xeral** (artigo 28)

É importante destacar que **o artigo 4 da Carta está adicado exclusivamente aos dereitos das labregas. Enfócase en pedir aos Estados que erradiquen todas as formas de discriminación cara as labregas** e reivindica uns **dereitos imprescindibles para elas**, dereitos que iremos detallando a continuación.

Os dereitos proclamados na carta son os seguintes:

- Participar na formulación e execución dos plans de desenvolvemento.
- Acceder ao máis alto nivel de saúde física e mental, e ter acceso a centros sanitarios.
- Acollerse a programas de seguridade social.
- Acceder á educación e formación formal.
- Organizar grupos de autoaxuda, asociacións e cooperativas.
- Participar nas actividades comunitarias.
- Acceder aos servizos financeiros, créditos e préstamos agrícolas.
- Acceder á terra e aos recursos naturais e xestionalos en pé de igualdade.
- Ter un emprego decente e gozar dunha remuneración.
- Estar protexidas de todas as formas de violencia.

# Principais leis de igualdade aplicables no Estado español

| Leis de Igualdade no Estado |                                                                                                             |
|-----------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CONSTITUCIÓN                | Artigo 14 – dereito a igualdade e a non discriminación                                                      |
| LEIS ORGÁNICAS              | Lei orgánica 2/2024 de representación paritaria e presenza equilibrada de mulleres e homes                  |
|                             | Lei orgánica 10/2022 de garantía in-<br>tegral da liberdade sexual                                          |
|                             | Lei orgánica 2/2010 de saúde sexual e reprodu-<br>tiva e interrupción voluntaria do embarazo                |
|                             | Lei orgánica 3/2007 pola igualda-<br>de efectiva de mulleres e homes                                        |
|                             | Lei orgánica 1/2004 de medidas de protec-<br>ción integral contra a violencia de xénero                     |
| LEIS ORDINARIAS             | Lei 4/2023 para a igualdade real e efectiva das<br>persoas trans e dereitos das persoas LGTBI               |
|                             | Lei 15/2022 integral para a igualda-<br>de de trato e a non discriminación                                  |
|                             | Lei 1/2021 de medidas urxentes en materia de protec-<br>ción e asistencia ás vítimas de violencia de xénero |
|                             | Lei 35/2011 de titularidade comparti-<br>da nas explotacións agrarias                                       |

## Principais leis de igualdade galegas

**A** comunidade autónoma da Galiza ten competencia a nivel de lexislación sobre igualdade de xénero. Neste ámbito destacamos varias leis de interese:

- **Lei 7/2004 do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes**, que é a lei marco da igualdade de xénero na Galiza. Destaca a creación de organismos específicos como o Servizo Galego de Igualdade.
- **Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero**. Está composta de 3 títulos, 5 capítulos e 56 artigos, e establece un marco normativo para a protección e asistencia ás vítimas de violencia de xénero. Nesta lei implántanse tamén definicións relativas aos distintos tipos de violencia, nas cales afondaremos máis adiante.
- **Lei 2/2014, do 14 de abril, para a igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais (LGBTI)**. Inclúe 2 títulos, 9 capítulos e 33 artigos, garante dereitos e combate a discriminación por cuestións de orientación sexual.
- **Lei 14/2021 de violencia de xénero da Galiza**. Esta lei modifica a previa lei 11/2007 galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero e incorpora o concepto de violencia vicaria.

- **Lei 7/2023 Igualdade da Galiza**. Con 8 títulos, 29 capítulos e 181 artigos. A lei aborda varias temáticas coma:
  - a igualdade de presenza de homes e mulleres no altos cargos do sector público
  - o uso da linguaxe non sexista
  - a educación e formación en igualdade para homes e mulleres
  - igualdade na creación cultural e artística
  - a loita contra a discriminación das mulleres
  - igualdade no emprego e na vida local coa extensión da rede dos CIMS



## 2. Fórmulas xurídicas para as mulleres labregas

### **Titularidade compartida dos proxectos agrícolas e a súas vantaxes económicas para as mulleres**

**U**nha das loitas principais das mulleres labregas dende os últimos 40 anos ten que ver coa loita polo recoñecemento dos seus dereitos laborais e pola cotitularidade dos proxectos agrícolas. «A finais do anos 90, a lexislación impedía que as mulleres labregas puidesen acceder á titularidade da súa explotación agraria, aínda en casos de herdanza, se o seu cónxuxe era titular doutra explotación»<sup>7</sup>.

A titularidade compartida (TC) é a figura xurídica faro desta guía porque consideramos que aínda segue sendo pouco coñecida, tanto polas labregas como polas institucións. Queremos que esta guía sexa unha maneira de difundir coñecemento sobre esta figura xurídica e mellorar a súa implantación no territorio galego.

A titularidade compartida (lei 35/2011) é unha figura xurídica da granxa agraria á que poden acollerse aquelas parellas e matrimonios que comparten o traballo e xestión da granxa —que

7 Tareixa Ledo, Lidia Senra Rodríguez, *A historia dun liderado entrañable*, 2010

sexan de mesmo sexo ou non. Estas dúas persoas deben estar casadas ou rexistradas legalmente como parella de feito. Esta figura permite que a administración, representación e responsabilidade da granxa sexa das dúas persoas titulares, fomentando a igualdade entre ambas<sup>8</sup>.

As inscricións das granxas no réxime de titularidade compartida reflíctense no «Rexistro de Explotacións agrarias de Titularidade Compartida do Ministerio» (RETICOM).

A titularidade compartida supón varios beneficios administrativos e económicos para as mulleres, e concrétanse en acceder á administración, representación e responsabilidade da granxa en pé de igualdade entre os dous membros titulares. Tamén supón a repartición de rendementos ao 50% e a consideración de ambos os titulares como beneficiarios directos das axudas e subvencións das que sexa obxecto o proxecto. Permite unha cotización na Seguridade Social por parte de ambos os membros.

Un exemplo claro do beneficio que é para unha muller poder ter a titularidade do seu proxecto agrario é o caso da **dedución por maternidade na declaración da renda (modelo 140 IRPF)**. Esta dedución está permitida para mulleres que estean dadas de alta na seguridade social como cotizantes e que teñan algún fillo menor de 3 anos, cun importe de 1200 euros de dedución por fillo (artigo 81 da lei do IRPF, BOE 29 novembro 2006). Nos anos 2006, houbo casos nos cales a axencia tributaria mandou devolver a dedución de 1200 euros a algunhas labregas porque «non constaba que realizasen actividade agraria, xa que non tiñan ingresos propios da mesma»<sup>9</sup>. Neste caso, a titularidade do proxecto por parte da labrega, permítelle poder xustificar os ingresos propios e en consecuencia optar a unha serie de axudas e beneficios tributarios.

.....

8 [https://www.mapa.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/igualdad\\_genero\\_y\\_des\\_sostenible/titularidad\\_compartida/](https://www.mapa.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/igualdad_genero_y_des_sostenible/titularidad_compartida/)

9 Xornal Fouce 250, xaneiro 2007

### A Sociedade Civil

**N**o caso de que o proxecto agrícola non se vaia a desenvolver en parella —ou que as persoas non estean casadas, nin rexistradas como parella de feito—, hai outras fórmulas xurídicas que permiten o pleno recoñecemento dos dereitos das labregas.

É o caso da sociedade civil (SC), que foi unha fórmula xurídica moi empregada a partir dos anos 2000 e que levou a moitas labregas a acceder á titularidade do seu proxecto agrícola, en pé de igualdade cos seus maridos ou parellas.

A sociedade civil pódese constituír cun mínimo de 2 persoas socias e non ten máximo de persoas. Ten a vantaxe de que pode permitir a incorporación dalgunha filla ou fillo no proxecto agrícola ou de calquera outra persoa do ámbito familiar ou de fóra (a titularidade compartida só é para unha parella, e non se pode incorporar ninguén máis).

A nivel de xestión administrativa e fiscal é moi parecida á TC, dado que o réxime é de atribución de rendas, de maneira que se lle imputa a cada persoa socia o beneficio ou a perda que resulta do exercicio fiscal na porcentaxe de participación que teña segundo os estatutos. Deste xeito, non está suxeita a facer imposto de sociedades (salvo no caso de ter un obxecto social máis amplo que a produción agraria que segundo os casos pode implicar a obriga de facer imposto de sociedades), nin ten que ser rexistrada no rexistro mercantil.

Ademais da SC, existen outros modelos xurídicos que poden ser interesantes para mencionar nesta guía. Estes modelos que imos detallar a continuación responden a unha normativa máis rixida e complexa que as TC e as SC. Ademais do anterior, a normativa recoñécelle personalidade xurídica e obrígalle a tributar mediante o imposto de sociedades. As fórmulas xurídicas detalladas a

continuación abren a posibilidade de pedir unhas subvencións específicas, que poden ser de interese para **proxectos agrícolas de maior tamaño**.

## A Sociedade Agraria de Transformación

**A** Sociedade Agraria de Transformación (SAT), é unha entidade con personalidade xurídica, regulada polo Real Decreto 1786/1981 polo que se aproba o Estatuto das Sociedades Agrarias de Transformación. Débese rexistrar de xeito obrigatorio no rexistro de SATs, que actualmente depende do Servizo de Fomento asociativo da Consellería de Medio Rural. «As Sociedades Agrarias de Transformación (SAT) son sociedades de natureza civil que teñen unha finalidade económico-social relacionada coa produción, transformación, e comercialización de produtos agrícolas, gandeiros ou forestais, a realización de melloras no medio rural, promoción e desenvolvemento agrarios así como á prestación de servizos comúns relacionados cos ditos conceptos<sup>10</sup>».

A SAT precisa un mínimo de tres persoas socias para constituírse e precisa dunha acta fundacional e duns estatutos. Varias SATs poden asociarse entre si, no caso de querer colaborar entre varios proxectos.

## O modelo cooperativo

**O** modelo cooperativo é un modelo moi empregado no sector agrario. Segundo a Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias (AGACA), hai máis de 300 cooperativas activas na Galiza. Con todo, hai que diferenciar **as cooperativas agrarias**, das **cooperativas de explotación comunitaria da terra**. As primeiras adoitan empregarse como fórmula para subministrar insumos (abonos, pensos, plásticos, etc) que teñen un ámbito te-

.....  
10 Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, «Sociedades Agrarias de Transformación (SAT)», Goberno de España <https://www.mapa.gob.es/es/alimentacion/temas/integracion-asociativa/sociedades-agrarias>

ritorial municipal ou de comarca. As cooperativas de explotación comunitaria da terra empréganse para levar ao cabo actividades de produción agrogandeira entre varias persoas socias, ben sexa para un proxecto familiar no que participan varios membros da familia, ou para fusionar explotacións preexistentes sen que haxa vínculos previos de ningún tipo entre os seus membros<sup>11</sup>.

Segundo a definición da propia AGACA «a cooperativa é unha empresa de propiedade conxunta que realiza actividades socioeconómicas coa participación activa dos socios, distribuindo os resultados en función da actividade realizada<sup>12</sup>».

O número mínimo de socias para constituír unha cooperativa é de dúas. Ten un funcionamento democrático que implica que cada socio ten un voto. O órgano de gobernanza da cooperativa chámase Concello Reitor.

### **Resumo das distintas opcións xurídicas dispoñibles**

**A** táboa seguinte ten por obxectivo resumir as distintas formulas xurídicas posibles para proxectos labregos. Recolle e adapta a información da táboa realizada no estudo «Informe resultante de la investigación social elaborada para el estudio sobre las diferentes formas jurídicas de titularidad de las explotaciones agrarias de Euskadi».

.....

11 **Lei 5/1998, de 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia**. «Boletín Oficial del Estado» núm. 72, 25 de marzo de 1999 <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1999-6940>

12 Asociación Galega de Cooperativas Agrarias (AGACA). Cooperativas. <https://agaca.coop/gl/cooperativas/>

| Forma titularidade                                    | Constitución                                                                                                              | Nº participantes                                    | Capital              |  |
|-------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------|----------------------|--|
| <b>Individual</b>                                     | Reg.Explot.Agrar<br>Alta censo 036<br>Alta en seg.soc                                                                     | Un titular                                          | Voluntario           |  |
| <b>Titularidade Compartida</b>                        | Contrato/acordo<br>Reg. Explot. Agrar.<br>Reg. Titul. Compart.<br>Alta censo 036<br>Alta en seg. soc.                     | Dos                                                 | Voluntario           |  |
| <b>Comunidade de bens</b>                             | Contrato/acordo<br>Reg. Explot.Agrar.<br>Alta censo 036<br>Alta en seg.Soc                                                | mínimo dos                                          | Voluntario           |  |
| <b>Sociedade Civil</b>                                | Contrato/Acuerdo<br>Reg.Explot.Agrar<br>Alta censo 036<br>Alta en seg.Soc                                                 | mínimo 2                                            | Voluntario           |  |
| <b>Sociedade Agraria de transformación</b>            | Acta fundacional e Estatutos Real Decreto 1776/1981 SAT<br>Reg. Explot. Agrar<br>Alta censo 036<br>Alta en seg.soc        | mínimo 3                                            | non hai mínimo       |  |
| <b>Cooperativa Agraria</b>                            | Escritura pública (notaría) Lei 5/1998 Cooperativas de Galicia<br>Reg. Explot.Agrar<br>Alta censo 036<br>Alta en seg.soc  | mínimo 2                                            | mínimo 3000 euros    |  |
| <b>Sociedade Laboral de Responsabilidade Limitada</b> | Escritura pública (notaría) Lei 44/2015 de sociedades laborais<br>Reg. Explot.Agrar<br>Alta censo 036<br>Alta en seg.soc. | En xeral 3 pero contempla posibilidade de 2 persoas | mínimo de 3000 euros |  |

**Fonthe:** Adaptación galega da táboa sacada do «Informe resultante de la investigación social elaborada para el estudio sobre las diferentes formas jurídicas de titularidad de las explotaciones agrarias de Euskadi»

|  | <b>Responsabilidade</b>                                    | <b>Representación</b>                                            | <b>Tributación</b>                                        | <b>Reparto<br/>rendemento</b> |
|--|------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------|-------------------------------|
|  | Ilimitada                                                  | Titular                                                          | IRPF                                                      | Titular                       |
|  | Ilimitada                                                  | Solidaria                                                        | IRPF                                                      | 50%                           |
|  | Ilimitada                                                  | A que pacten                                                     | IRPF                                                      | Proporcional<br>á achega      |
|  | Ilimitada                                                  | A que pacten                                                     | IRPF<br>I.Sociedade se<br>ten personali-<br>dade xurídica | Proporcional<br>á achega      |
|  | SAT e subsidiaria-<br>mente partícipes<br>mancomunadamente | Xunta reitora<br>e presidencia                                   | Imposto de<br>sociedades                                  | Proporcional<br>á achega      |
|  | Limitada á achega                                          | Presidenta do<br>concello reitor<br>ou administra-<br>dora única | Imposto de<br>sociedades                                  | A que se pacte                |
|  | Limitada á achega                                          | Administradora<br>individual ou<br>concello                      | Impostos de<br>sociedades                                 | A que se pacte                |



.....

## Testemuño da labrega: Marisol García Freire

**E**stas formulas xurídicas que permiten xuntar a máis de dúas socias ou a máis de dous proxectos entre si, poden ter unha vantaxe destacable: o reparto de traballo entre varias, para diminuír a carga total. É o exemplo da labrega Marisol de Frades que nos contou como tiveron a idea de xuntarse entre catro granxas de leite para constituír unha cooperativa agraria e poder repartirse o traballo entre todas.

«Unha das razóns polas cales constituímos unha cooperativa foi ter máis tempo libre para nós. Somos catro socias. Xuntámonos catro granxas que estabamos na mesma aldea e alternabámonos para facer os traballos. Así puidemos ter vacacións e librar algunha fin de semana. Cando estabamos na granxa nosa sós e eles nas súas casas, non tiñamos ningún día libre...»

A nivel da titularidade do proxecto, eramos titulares as catro persoas socias. Entramos na cooperativa a partes iguais e tiñamos o mesmo poder de decisión. A única muller que había era eu. No caso do meu home, entrou como traballador da cooperativa, e a socia fun eu aportando a granxa o que tiñamos. O meu home, aos cinco anos de comezar na cooperativa, faleceu. Alí foi onde vin a importancia xa que eu, se non fose socia con esta xente, ao mellor a miña granxa quedaría pechada. Con todo, deste xeito seguimos 15 anos máis. Eu seguí traballando cos meus socios... A xente na aldea custáballe entendelo. Naquel momento fomos os primeiros en facelo. Despois de nós, tres ou catro máis constituíron cooperativa... Moitas veces tivemos conflitos. A decisión máis grande era a ver que semana collía cada un para as súas vacacións. Incluso chegamos a sortear as vacacións. Claro que tivemos conflitos, porque eramos xente distinta, algunhas querían avanzar nalgunhas cousas e outras noutra, pero fomos avanzando pouco a pouco.

Estivemos de acordo co feito de non mercar ningunha maquinaria nova. Todo o traballo facíao unha empresa. Endebedámonos na nave pero en nada máis e non tiñamos un investimento fóra de serie. Tampouco tivemos soldos moi grandes, eran normalíños e iguais para todos, pero eran todos os meses.

Foi unha experiencia bonita. Pelexamos moito pero abrimos un camiño importante.»





### 3. Ferramentas económicas para a autonomía das mulleres

**H**oxe en día dispoñemos un limiar de axudas e subvencións para mulleres bastante amplo. Sabemos que non é fácil coñecer a súa existencia, entender o funcionamento de cada unha, nin cales son os criterios que hai que cumprir para poder solicitalas. Este bloque pretende ofrecer unha perspectiva resumida dunha pequena selección das axudas máis relevantes para as labregas.

Cómpre sinalar tamén que moitas destas axudas e subvencións só se poden solicitar e xestionar por vía telemática —tanto as solicitudes como as notificacións—, o que supón unha barreira engadida para moitas das mulleres que sofren a chamada fenda dixital, ben por falta de medios técnicos, de conexión ou de formación. Esta realidade condiciona o acceso en igualdade de condicións a recursos que, en teoría, están deseñados para apoiar a súa autonomía.

## 1. Plan Emega

**O** Plan Emega<sup>13</sup> non está destinado especificamente a proxectos de actividade agraria, senón que abrangue iniciativas empresariais de diferentes sectores. É un programa da Xunta de Galicia, de periodicidade anual, orientado a apoiar o **emprendemento feminino** co obxectivo de fomentar a creación, consolidación e modernización de empresas lideradas por mulleres, contribuíndo á igualdade de oportunidades e á súa participación plena na actividade económica.

Estas axudas están dirixidas a **mulleres emprendedoras**, tanto de forma individual como a través de sociedades nas que teñan maioría no capital social e na xestión. Serven para facilitar a posta en marcha de novos proxectos empresariais, impulsar a innovación, garantir a continuidade de empresas xa existentes e apoiar a conciliación da vida persoal e laboral.

O Plan Emega estrutúrase en varias **liñas de apoio**, entre as que destacan:

- **Emerxe**: incentivos para promover a posta en marcha de novas iniciativas empresariais e a creación de emprego feminino por conta propia e allea.
- **Impulsa**: consolidar ou mellorar empresas existentes en situacións de dificultade.
- **Innova**: apoiar iniciativas innovadoras con base científica ou tecnolóxica.
- **Concilia**: complemento económico para favorecer a conciliación da vida persoal, familiar, laboral e a corresponsabilidade. É complementaria ás anteriores.

.....

13 [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250714/AnuncioG0762-100725-0001\\_es.html?](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250714/AnuncioG0762-100725-0001_es.html?)

## 2. Axudas de conciliación

- **SI440A Axudas á conciliación da vida persoal, familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da xornada de traballo<sup>14</sup>.**

Son axudas económicas da Xunta de Galicia dirixidas a persoas traballadoras que reducen a súa xornada laboral para poder atender o coidado de fillos e fillas menores. Están pensadas como unha medida de conciliación da vida laboral e familiar, e tamén como fomento da corresponsabilidade nos coidados, especialmente entre homes e mulleres, pero apoiando tamén modelos familiares diversos (familias monomarentais, homoparentais, etc.) no acceso equitativo aos coidados.

Entre os diversos requisitos atópanse que as persoas solicitantes deben estar empadroadas en Galicia, ter contrato por conta allea (público ou privado) e ter reducida a xornada entre o 1/08/2024 e o 31/07/2025 para coidar dun fillo/a menor de 3 anos (ou de 12 con discapacidade). A redución debe ser de polo menos o 12,5 %. Ademais hai límites relativos á renda (máx. 7 veces o IPREM).

Tamén se esixe convivencia ca/o menor e cumprir coas condicións legais para recibir subvencións.

As contías varían segundo o grao de redución da xornada e o número de fillas/os ao cargo, con axudas mensuais que compensan parcialmente a perda de ingresos.

.....

14 [https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?langId=es\\_ES&codtram=SI440A&gateway=true](https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?langId=es_ES&codtram=SI440A&gateway=true)

- **BS412A Axudas económicas ás familias para a conciliación en situacións puntuais e períodos de vacacións escolares a través do Bono Concilia Familia.**<sup>15</sup>

Coñecida como Bono Coidado ou Bono Concilia Familia, esta axuda está destinada a apoiar economicamente ás familias que necesiten cobertura puntual para o coidado de menores de ata 12 anos. O seu obxectivo principal é facilitar a conciliación da vida familiar, laboral e persoal, especialmente en situacións imprevistas como enfermidade do neno/a ou da persoa coidadora, vacacións escolares, entrevistas de traballo ou outras circunstancias que impidan atender ao menor.

Vai dirixida a nais, pais, titores/as ou persoas acolledoras residentes en Galiza, sempre que cumpran determinados requisitos, como non superar certos niveis de renda familiar. A axuda consiste nunha subvención para cubrir gastos de coidado infantil, tanto no fogar como en servizos autorizados, e varía segundo a renda e o número de horas necesarias, con máximos establecidos por familia e por menor.

- **Complemento redución fenda de xénero**<sup>16</sup>

O complemento por fenda de xénero é un suplemento económico que se engade ás pensións contributivas (xubilación, incapacidade permanente e viuvez). Entrou en vigor oficialmente no ano 2023 e o seu motivo principal foi recoñecer e reducir as desigualdades nas pensións existentes entre homes e mulleres, que se agravan polas interrupcións nas carreiras profesionais das mulleres debido á maternidade, adopcións e os coidados familiares. Isto muda

.....

15 [https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?langId=es\\_ES&codtram=BS412A&gateway=true](https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?langId=es_ES&codtram=BS412A&gateway=true)

16 <https://www.seg-social.es/wps/portal/wss/internet/Trabajadores/PrestacionesPensionTrabajadores/4c43ce49-6636-4a12-bacf-5e6697eb81da?ldmy&urile=wcm%3apath%3a%2Fwebcontent%2Bsyndication%2Fibmcontentwcm%253AunresolvedReferences>

por unha sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea en maio do 2025, a cal amplía o acceso a este complemento tamén aos homes que poidan acreditar un impacto similar derivado da paternidade ou coidados familiares.

O complemento consiste nun pago mensual adicional de 35,90€ por cada filla/o e cun límite máximo de 143,60€ ao mes (equivalente a 4 fillos ou máis). Este importe págase en 14 pagas anuais e é compatible con outras prestacións da Seguridade Social. A súa duración está vinculada a que a fenda de xénero nas pensións contributivas supere o 5% medido anualmente.

Na actualidade segundo os datos do Ministerio de Inclusión Seguridade Social e Migracións, con data de agosto de 2025, rexistráronse un total de 1.112.061 pensións con este complemento, das cales 958.207 foron solicitadas por mulleres e tan só 153.854 por homes.

### **3. Bonificación de cotas**

**O** artigo 37 do Real Decreto-lei 13/2022, do 26 de xullo, regula unha medida de apoio á incorporación de familiares á actividade agraria por conta propia, mediante unha bonificación nas cotas á Seguridade Social. Esta bonificación está dirixida a favorecer o relevo xeracional e a consolidación da actividade agraria no marco familiar.

En concreto, poderán acceder a esta bonificación aquelas persoas que se incorporen á actividade agraria como traballadoras autónomas e queden incluídas no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores por Conta Propia ou Autónomos (RETA), a través do seu Sistema Especial para Traballadores por Conta Propia Agrarios. Ademais, deben cumprir dous requisitos fundamentais: ter cincuenta ou menos anos de idade no momento da alta e ser cónxuxes ou descendentes do titular da explotación agraria. Este

titular, pola súa parte, tamén debe atoparse dado de alta no citado réxime e sistema especial.

A bonificación consiste nun desconto do **40%** da cota por continxencias comúns, aplicada sobre a base mínima de cotización correspondente ao tramo 1 da táboa xeral de bases cotización (no ano 2025: 950,98€) vixente no réxime especial de traballadores autónomos. Esta redución manterase durante un período de cinco anos contados desde a data de alta da persoa beneficiaria. Trátase, polo tanto, dunha medida que facilita o inicio da actividade agraria autónoma dentro do ámbito familiar, reducindo de forma significativa os custos iniciais de cotización.

#### **4. Bonificacións para persoas autónomas**

**A** tarifa plana para autónomos<sup>17</sup> é unha bonificación temporal na cotización á Seguridade Social, que permite pagar unha cota mensual reducida de 80€/mes durante os primeiros 12 meses, aplicable a quen se dea de alta por primeira vez no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA). Durante este período, a cotización realízase sobre a base mínima do tramo 1, á que se engade o Mecanismo de Equidade Interxeracional (0,8 %), resultando nun total de 87,60 €/mes.

Para poder beneficiarse desta tarifa, é necesario non ter estado incluído no RETA nos últimos 2 anos (ou 3 anos se xa se gozou da tarifa plana con anterioridade) e estar ao día de pagos coa Seguridade Social e as Administracións Tributarias.

A duración inicial da tarifa é de 12 meses, prorrogables por outros 12 meses adicionais se os rendementos económicos son inferiores ao Salario Mínimo Interprofesional, acreditándose mediante a previsión de rendementos netos. Existen prórrogas especiais para colectivos concretos nos que a tarifa plana inicial pode

.....

<sup>17</sup> <https://portal.seg-social.gob.es/wps/portal/importass/importass/Colectivos/Trabajo+Autonomo/guia#post-ad499f10-3b94-4a26-b4d7-91cd3f2b19a6>

alcanzar 24 meses, prorrogables ata 36 meses se os rendementos permanecen baixos. Estes colectivos inclúen persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %, vítimas de violencia de xénero e vítimas de terrorismo, debidamente acreditadas mediante a documentación oficial correspondente.

A todo o anterior, cabe engadir que as mulleres autónomas que se **reincorporan** á súa actividade nos 2 anos seguintes á data de cese **por maternidade, adopción, garda con fins de adopción, acollemento ou tutela**, teñen dereito a unha bonificación do 80 % da cota por continxencias comúns, excluída a Incapacidade Temporal (IT). Esta bonificación terá unha duración de 24 meses e aplícase sobre a base media dos 12 meses anteriores á data de cese da actividade.



# 4. A Política Agraria Común (PAC) con perspectiva de xénero

## Que é a PAC e como afecta ás mulleres labregas?

### Un pouco de historia

A PAC, ou Política Agraria Común, é a política común da Unión Europea máis antiga e tamén unha das máis custosas en termos de orzamento. Comezou en 1962, xusto despois da Segunda Guerra Mundial, co obxectivo claro de aumentar a produción agrícola para facer fronte á escaseza e abastecer de alimentos aos países que formasen parte da mesma. Dende a súa creación, os obxectivos do establecemento da PAC foron os seguintes: incrementar a produción agrícola fomentando o progreso técnico, garantir un nivel de vida equitativo ás persoas agricultoras, garantir a seguridade dos abastecementos, asegurar prezos razoables ás persoas consumidoras, establecer os mercados, establecer unha cadea de subministro seguro con prezos razoables e harmonizar as normas de competitividade de todos os países<sup>18</sup>.

18 <https://www.mapa.gob.es/es/pac/historia-pac/>

A «primeira PAC», de 1962 ata 1992, funcionou con prezos agrícolas garantidos, aranceis, axudas á exportación e intervención nos mercados. Ao longo dos anos, produciuse unha industrialización da gandería e unha desvinculación desta á terra, baseándose fundamentalmente nas importacións de soia dos Estados Unidos (EE.UU.). Isto fixo que as persoas labregas na Comunidade Económica Europea<sup>19</sup> (CEE) produciran, produciran, produciran... o que provocou montes de excedentes que a CEE compra, almacena e exporta. A PAC é cada vez máis cara e, aínda así, os campos baléiranse de labregos e labregas. E terceiros países empezan a acusar a CEE de dumping ou competencia desleal.

A «segunda PAC» abarca o período de tempo de 1992 a 2027. En 1992 abandónase falar de prezos e fálase de primas. Neste período, a CEE rebaixa gradualmente os prezos garantidos ao nivel do mercado mundial. Estes prezos do mercado mundial son máis baixos que os custes de produción e, para compensar producir por debaixo de custes, a CEE crea as axudas directas ás granxas. Esta é a clave para entender a reforma da PAC de 1992: pasamos dos prezos ás primas e hai menos intervención nos mercados agrícolas.

A lexitimidade da PAC segue sendo cuestionada a nivel internacional despois do acordo de 1994. A UE e os EE.UU. impuxeron que as axudas desacopladas da produción (os pagos por hectárea) pasaran a considerarse como non distorsionantes dos mercados e estiveran admitidas (caixa verde). Con isto, nas seguintes reformas da PAC trasladáronse a maior cantidade de axudas posible a esta caixa verde, desligándoas así da produción. Conseguiuse que non houbera axudas á exportación pero a UE chegou a ser o maior exportador mundial de produtos agroalimentarios en 2019<sup>20</sup>, sendo agora na actualidade un exportador neto de produtos agroalimen-

.....

19 A Comunidade Económica Europea foi creada en 1957. En 1993, cando se creou a entidade da Unión Europea, cambiou de nome pola Comunidade Europea. En 2009, desapareceu e foi absorbida polo nome de Unión Europea.

20 [https://ec.europa.eu/commission/presscorner/detail/es/ip\\_19\\_5527](https://ec.europa.eu/commission/presscorner/detail/es/ip_19_5527)

tarios<sup>21</sup>. Esta exportación faise máis que nunca a prezos inferiores aos custes de produción na UE, porque estes produtos saen de granxas que reciben axudas desacopladas: segue o dumping.

Polo tanto:

1. A venda por debaixo de custes de produción institucionalízase en beneficio da agroindustria e da distribución.
2. Os acordos da Organización Mundial do Comercio (OMC) estáncanse porque a UE e os EE.UU. xa non son os mestres do mercado internacional.
3. Dado que a maior parte das axudas páganse por hectárea, a distribución das axudas é moi desigual.
4. As medidas ambientais da PAC desde o ano 1992 seguen sendo moi tímidas: o produtivismo e o seu dano medioambiental continúan.

Desde 1992, as sucesivas reformas da PAC (1999, 2003, 2009, 2013, 2021) só se centraron no debate sobre a distribución das axudas sen cambiar a dirección establecida en 1992.

Neste ano 2025, estase comenzando a debater sobre a PAC a partir do ano 2027 e agora xa está en perigo o propio concepto de «común», xa que, de aprobarse a proposta da Comisión, os Estados membros poderían decidir case todo. Ao mesmo tempo, a Comisión Europea propón unha baixada moi importante do orzamento destinado á agricultura; e, para rematar, o Regulamento da Organización Común de Mercados non se toca en profundidade desde o ano 2013, e tampouco se debate nos Estados membros desde esa data: nin prezos nin primas.

.....

21 [https://agriculture.ec.europa.eu/international/agricultural-trade/trade-and-international-policy-analysis\\_en?prefLang=es](https://agriculture.ec.europa.eu/international/agricultural-trade/trade-and-international-policy-analysis_en?prefLang=es)

## Estrutura da PAC

A nivel financeiro, a PAC baséase en dous grandes fondos da UE:

- **O Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA):** asociado ao primeiro pilar da PAC, cun orzamento de 291.100 millóns de euros.
- **O Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader):** correspondente ao segundo pilar, cun total de 95.500 millóns de euros.

A PAC conta tamén co Regulamento (UE) 1308/2013 polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios (**OCM única**). Este Regulamento sufriu pequenas variacións dende entón, pero segue vixente e non se discutíu a nivel dos Estados nin das persoas labregas. É o Regulamento do que temos que falar se queremos falar de prezos e de mercados e non só de subvencións.

Este Regulamento case non ten fondos, pero segue regulando cuestións clave que inflúen no prezo das producións: Medidas de intervención pública e axuda ao almacenamento privado, réxime de autorizacións para as plantacións de vide, disposicións aplicables á comercialización (lúpulo, carne de vacún, viño, leite e produtos lácteos, carne de aves de curral, ovos, graxas para untar, aceite de oliva e olivas de mesa, azucre...) e ás organizacións de produtores, as organizacións interprofesionais, denominacións de orixe, indicacións xeográficas, axuste da oferta ás necesidades do mercado, cláusulas de reparto de valor, intercambios comerciais con terceiros países, dereitos de importación, continxentes arancelarios, medidas excepcionais por perturbacións do mercado e transparencia do mercado. Regúlanse cuestións tan importantes para Galiza como as relacións e as negociacións contractuais, as declaracións obrigatorias no sector do leite e dos produtos lácteos e mesmo as negociacións contractuais no sector.

Neste período, cada país da UE elaborou o seu plan estratéxico estatal da PAC (PEPAC), que concreta como aplicar estas medidas

no seu territorio. Estes plans estatais deben contribuír aos obxectivos comúns da PAC a través dun conxunto de actuacións definidas pola Comisión Europea. Un cambio importante na lexislación foi a inclusión da condicionalidade social, que vincula os pagos da PAC a determinadas normas laborais da UE, incentivando ás persoas beneficiarias a mellorar as condicións de traballo nas granxas. Ademais de normais laborais, entran outras temáticas como o tema da igualdade que estivo incluído dentro de dez dos obxectivos claves que se estableceron para o período 23-27<sup>22</sup>.

A PAC conta con dous piares que imos detallar.

**Primeiro piar da PAC:** pagos directos en función da superficie da granxa e dos chamados dereitos históricos ou en función do numero de animais e da súa especie. É para agricultoras activas e inclúen a varias modalidades de axudas:

- Axuda básica á renda para a sostibilidade (pago anual ás primeiras hectáreas declaradas).
- Axuda redistributiva complementaria á renda para a sostibilidade (pago anual adicional para persoas agricultoras que teñan dereito á axuda básica á renda).
- Axuda complementaria á renda para persoas mozas agricultoras (pago adicional para novas incorporacións á actividade agraria que teñan á axuda básica á renda durante os anos que dure o compromiso da incorporación).
- Réximes a favor do clima, medio ambiente.
- Axuda á renda asociada, pago anual por hectárea ou animal para mellorar a competitividade, sostibilidade ou calidade<sup>23</sup>.

.....

22 [https://agriculture.ec.europa.eu/common-agricultural-policy/cap-overview/cap-glance/key-policy-objectives-cap-2023-27\\_es](https://agriculture.ec.europa.eu/common-agricultural-policy/cap-overview/cap-glance/key-policy-objectives-cap-2023-27_es)

23 <https://www.europarl.europa.eu/factsheets/es/sheet/109/los-pagos-directos>

**Segundo pilar da PAC:** Corresponde ao programa de desenvolvemento rural, que inclúe, entre outros, os pagos agroambientais, os pagos para agricultura ecolóxica, así como as axudas a zonas con limitacións naturais ou con outras restricións específicas<sup>24</sup>. Este pilar conta con varios compoñentes, entre os que destacan:

- Compromisos medioambientais, climáticos e outros compromisos de xestión para mellorar a sostibilidade medioambiental do sector agrícola.
- Zonas con limitacións naturais.
- Pagos para paliar desvantaxes específicas resultantes de determinados criterios obrigatorios.
- Apoio a investimentos.
- Apoio ao establecemento de persoas agricultoras mozas e novas á actividade agraria.
- Instrumentos de xestión de riscos.
- Axudas para a cooperación
- Medidas de intercambio de coñecementos e difusión de información<sup>25</sup>

### **Axudas de incorporación e plans de mellora**

**A**s axudas de incorporación de persoas mozas á agricultura e os plans de mellora das granxas están tamén integradas dentro do **Plan Estratégico da PAC 2023-2027**. Teñen como finalidade favorecer a remuda xeracional, apoiar a modernización das granxas e garantir a viabilidade do sector agrario galego nun contexto de crecente complexidade. Estas medidas constitúen unha oportunidade importante para impulsar proxectos de futuro e atraer xente nova ao rural, mais tamén suscitan críticas pola insuficiencia orzamentaria, polos prazos reducidos de trami-

.....

24 Fouce 342 (Febreiro-marzo 2023)

25 <https://www.europarl.europa.eu/factsheets/es/sheet/329735/el-desarrollo-rural-y-la-pac>

tación e pola dificultade de acceso que atopan determinados perfís, en particular pequenas granxas ou iniciativas agroecolóxicas.

No actual PEPAC, a Consellería de Medio Rural estableceu as seguintes axudas para Galiza:

- Nos que se coñecen como plans de mellora, divídense agora tal e como segue:
  1. Axudas a investimentos produtivos en granxas vinculados a contribuír á mitigación e adaptacións ao cambio climático e ao emprego eficiente dos recursos naturais, que se divide a súa vez en:
    - a.- investimentos en granxas (MR405D)
    - b.-investimentos en pequenas granxas (MR405E)
  2. Axudas a investimentos en modernización e/ou mellora de granxas, que tamén se divide en:
    - a.- investimentos en granxas (MR405F)
    - b.-investimentos en pequenas granxas (MR405G)
- Nos que se coñecen como incorporacións á actividade agraria, inclúese o establecemento de novas persoas agricultores entre os 41 e os 55 anos (MR405B) e a incorporación de persoas mozas (MR404A) menores de 41 anos.

As convocatorias acostuman ser anuais. As solicitudes son complexas e hai que tramitalas a través dunha aplicación informática específica: MELLES. Necesitase un proxecto técnico. No caso de facer obras, o proceso complicase máis polas diversas licencias que se necesitan ademais dun proxecto técnico. En calquera dos casos, precísase asesoramento para todos os trámites, este asesoramento é privado e ten un custe. As convocadas neste ano 2025 foron:

- **Incorporación de persoas mozas á agricultura (MR404A)**  
Esta liña de axudas está dirixida a **persoas mozas de entre 18 e 40 anos** (ambos incluídos) que se incorporen por

primeira vez á actividade agraria ou nos 12 meses anteriores á solicitude.

Para acceder á axuda, é necesario acadar a condición de **agricultor ou agricultora profesional** nos 18 meses seguintes á data de establecemento, acadar una renda agraria mínima equivalente ao 35% da renda de referencia e contar cun nivel de capacitación profesional suficiente nos 36 meses posteriores. Ademais, non se pode ter recibido esta mesma axuda con anterioridade. Un dos elementos clave do procedemento é a presentación dun **plan empresarial** no que se deben incluír un plan de produción e outro de investimentos, e cuxo cumprimento será obxecto de seguimento.

As persoas beneficiarias comprométese a manterse na actividade agraria durante un mínimo de cinco anos, contados a partir do pagamento final da axuda. A contía da axuda establece unha base de **30.000 euros**, que pode incrementarse ata un máximo de **70.000 euros** segundo determinadas condicións: ser muller, incorporarse nunha zona de montaña ou en espazos protexidos da Rede Natura 2000, iniciar a actividade nunha explotación ecolóxica ou facelo en réxime de titularidade compartida. Cada un destes criterios supón un incremento de 10.000 euros. Pola contra, se a incorporación se realiza nunha explotación intensiva, a axuda quedará limitada á contía mínima de 30.000 euros. Unha vez concedida, a axuda, deberá ser xustificada nun prazo máximo de 24 meses<sup>26</sup>

- **Axudas para melloras en granxas (MR405F - MR405H)**  
Dirixidas a modernizar e facer máis viable a actividade no sector agrario, estas axudas están destinadas a titulares de

.....

26 DOG, Orde 11 de xuño 2025: [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250625/AnuncioG0426-110625-0003\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250625/AnuncioG0426-110625-0003_gl.html)

granxas inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galiza (REAGA) que leven a cabo un proxecto de mellora orientado a incrementar o rendemento global, a competitividade ou a viabilidade da súa produción. Un dos requisitos fundamentais é **ter incorporado a unha persoa moza ao longo do 2025 ou telo feito no ano anterior 2024**; isto fai que vaian da man dos plans de incorporación dos que falamos anteriormente.

A subvención cobre parte dos investimentos realizados en ámbitos como a reforma ou construción de instalacións, a compra de edificacións agrarias en desuso, a plantación e mellora de cultivos froiteiros, ou a adquisición de maquinaria entre outras actuacións.

Para poder acceder a esta axuda, o investimento deberá ser igual ou superior a **15.000 euros**, podendo subvencionarse ata **75.000 euros** por UTA (Unidade de Traballo Agrario), cun máximo de 250.000 euros por persoa beneficiaria. A intensidade da axuda variará entre o 30% e o 65% do investimento elixible, segundo as condicións do proxecto.

Un dos cambios máis salientables na convocatoria de 2025 é a posibilidade de solicitar un plan de mellora aínda que a incorporación da persoa moza (MR405H) se producise no ano anterior, é dicir, en 2024. Esta medida responde a situación crítica vivida na anterior convocatoria, onde das 704 solicitudes presentadas na Galiza para plans de mellora, só foron aprobadas 180 (un 25,57%). As 524 restantes quedaron sen apoio económico e, dentro delas, 439 foron denegadas unicamente por criterios de priorización, ao non existir orzamento suficiente para atendela. Moitas destas solicitudes estaban ligadas a proxectos de incorporación de persoas mozas, polo que a súa exclusión puxo en risco iniciativas completas que dependían de ambos apoios para ser viables<sup>27</sup>.

.....

27 Resolucións DOG, 29 de xaneiro de 2025, Consellería do Medio Rural: [https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia/mostrarContenido.do?ruta=/2025/20250129/Secciones1\\_gl.html&paginaCompleta=false&fecha=29/01/2025&compMenu=10102](https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia/mostrarContenido.do?ruta=/2025/20250129/Secciones1_gl.html&paginaCompleta=false&fecha=29/01/2025&compMenu=10102)

## Eivas e limitacións no novo marco de axudas.

**A**s modificacións introducidas nas liñas de axuda no ano 2025, respecto das convocatorias de 2024, supuxeron unha redución importante nas posibilidades de acceso, deixando fóra a determinados perfís e proxectos que si estaban contemplados o ano anterior. En 2024 existían liñas específicas para a **incorporación de novas persoas agricultoras maiores de 40 anos** para investimentos en pequenas granxas e actuacións vinculadas a mitigación do cambio climático e uso eficiente dos recursos naturais.

No caso concreto das axudas á incorporación de persoas maiores de 40 anos, tratábase dunha liña destinada a persoas de entre 41 e 55 anos, que contaba cos mesmos requisitos que as axudas de incorporación a persoas mozas. As particularidades desta liña estaban na franxa de idade das persoas beneficiarias e na contía económica, que oscilaba entre o 25.000€ e os 55.000€, en función das condicións do proxecto.

Desde o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL) reclámase unha revisión profunda do modelo actual destas axudas. En primeiro lugar, que exista un orzamento suficiente que garanta a entrada de todos os proxectos viables, sen que ninguén quede fóra por falta de fondos. Critícase tamén a escasa marxe de tempo para tramitar as solicitudes, posto que, na actualidade, o prazo é de apenas un mes desde a publicación da convocatoria, algo que se considera insuficiente tratándose de axudas dunha importancia clave para o futuro do sector. Ademais, sinala a necesidade dun apoio real e efectivo cara ás pequenas granxas, con especial atención aos modelos agroecolóxicos, que seguen a quedar en segundo plano dentro de deseño actual das políticas agrarias.

.....

## Testemuños de labregas: Belen Fervenza

Belen Fervenza, labrega en Redondela explicanos o seguinte:

«Nós temos un modelo de produción moi diversificado. Compaxinamos a produción de hortalizas, froita e flores. As axudas da PAC cóbranse por superficie mínima de cultivo por cada produción, e nós, co noso modelo tan diversificado, non entramos no mínimo de media hectárea esixido en horta, por exemplo».





Fotografía: Víctor Barro

.....

## Testemuños de labregas:

Uxía García

**N** unha entrevista do Fouce 351 (xaneiro-febreiro de 2025), Uxía García de Bucíños, labrega en Allariz, contaba a súa experiencia cando pediu a axuda de novas agricultoras maiores de 41 anos. En concreto, cando pediu a axuda de incorporación e o plan de mellora.

«No caso do plan de mellora, soliciteino para facer investimentos que preciso para levar a miña actividade adiante, que é a construción dun pozo e a compra dun pequeno tractor. O total sumaba o mínimo que podías pedir para o plan de mellora. Foron dous meses de loucura porque facer estes plans para unha labrega é inviábel, tes que contratar... para solicitar estas axudas tes que pedir unha morea de proformas, pedir favores, etc. É dicir, dedícaslle moito tempo e horas con trabas burocráticas... Metida a solicitude agardei case un ano sen ter ningún tipo de notificación e logo, cando saen as resolucións, atopeime con que me dan a axuda á incorporación pero non a mellora. Que pasa con isto ? Pois que moitas labregas, como unha cousa vai ligada á outra, decidiron non coller a axuda. No meu caso, como era a última oportunidade que tiña, aceptei a axuda pero quedei sen a mellora. Creo que estas axudas son fundamentais, porque son cartos que contribúen a facer isto un pouco máis viábel, pero claro fas os teus cálculos pensando en que vas ter a axuda e máis a mellora para que sexa viábel, porque logo tes que cumprir uns requisitos de estar sete anos na mesma actividade, cuns determinados ingresos, mantendo esta superficie, a agora vou ter os mesmos compromisos pero sen eses cartos para poder mercar ese tractor e facer ese pozo. É bastante inxusto, a verdade.»

## Revisión crítica da PAC dende unha mirada feminista

**N**a PAC de 2023-2027, incorpórase por primeira vez un obxectivo específico sobre igualdade de xénero e sobre o aumento da participación das mulleres na agricultura. Aínda así, as mulleres nunca tiveron unha presenza propia real na PAC. Os datos na maioría dos Estados membros non están desagregados por sexo nin por outras consideracións. As mulleres non aparecen nas estatísticas.

No Estado Español, no ano 2020, o Ministerio de Agricultura parecía que tiña intención de dar protagonismo ás mulleres no Plan estratéxico da Política Agrícola Común do Estado Español (PEPAC). Todo foron declaración de intencións.

A secretaría das Mulleres do SLG enviou unha carta á Ministra de Igualdade e ao ministro de agricultura<sup>28</sup>. O que se lle solicitaba nesa carta era:

1. Mecanismos que permitan mellorar substancialmente as condicións de acceso das mulleres á axuda básica á renda e ao resto das axudas do primeiro pilar, nas que, segundo os seus propios datos, estamos agora mesmo en condicións moito máis desfavorables ca os homes. As axudas do primeiro pilar son indispensables se queremos mellorar a renda das explotacións das mulleres e, polo tanto, asegurar a continuidade das mesmas en condicións equiparables ás dos homes.
2. Igualar os importes que perciben as beneficiarias e os beneficiarios. Se «o pago por hectárea que reciban dous agricultores ou gandeiros que afrontan as mesmas condicións produtivas debe ser o mesmo» necesitamos saber que prevé o seu Ministerio para que as granxas con

.....

28 Carta á Ministra de Igualdade de parte da Secretaría das Mulleres do SLG: [https://sindicatolabrego.gal/wp-content/uploads/2025/10/2023\\_2027\\_A-PAC-e-as-mulleres.pdf](https://sindicatolabrego.gal/wp-content/uploads/2025/10/2023_2027_A-PAC-e-as-mulleres.pdf)

poucas hectáreas, pero con 1 ou 2 UTAs (Unidades de traballo por ano) que viven exclusivamente da agricultura ou da gandería, nas que estamos máis representadas, se poidan igualar na contía da axuda básica á renda con respecto ás que teñen máis hectáreas. Entendemos que igualar o importe por hectárea nunha rexión, ou entre rexións de pago, non significa en ningún caso igualar os importes que perciben as beneficiarias e os beneficiarios.

3. Unha axuda redistributiva que permita corrixir os desequilibrios dos importes entre beneficiarias e beneficiarios .
4. Establecer nas axudas do 2º piar intensidades de axuda superiores, criterios que prioricen ás mulleres e non subvencionar aos colectivos, empresas ou cooperativas que teñan na súa base mulleres pero non estean nos seus órganos de dirección. Queremos, ademais, aclaracións sobre se a complexidade xurídica da que falan para unha discriminación positiva nas axudas tamén afecta ás medidas do 2º piar.

Os datos no Estado español seguen falando por si sós: a porcentaxe de mulleres perceptoras de axudas directas no ano 2023 foi do 37,83% e un 27,38% dos fondos e a porcentaxe de mulleres perceptoras das axudas de desenvolvemento rural foi do 30,33% e un 27,78% dos fondos<sup>29</sup>.

.....

29 [https://www.fega.gob.es/sites/default/files/files/document/20241129\\_FEGA016\\_Informe%20de%20sexo%20y%20edad%202023\\_v5.pdf](https://www.fega.gob.es/sites/default/files/files/document/20241129_FEGA016_Informe%20de%20sexo%20y%20edad%202023_v5.pdf)

**N**unha carta destinada ao Comisario de Agricultura e Alimentación, a Coordinadora Europea da Via Campesina (ECVC) «expresa a súa profunda preocupación polos recentes sinais políticos relativos ao orzamento agrícola para o período 2028-2034, así como sobre a PAC. As pequenas e medianas agricultoras solicitan un orzamento máis sólido e rexeitan calquera posibilidade de redución, que equivalería a abandonar o sector agrícola europeo, a exacerbar a crise que xa atravesan as persoas agricultoras e á xustiza climática».

«A Soberanía Alimentaria require unha PAC sólida. Necesitamos un marco político europeo estábel que nos permita afastarnos da lóxica dos acordos de libre comercio que promoven, entre outros, o acordo UE-Mercosur, que exerce aínda máis presión para reducir os prezos de produción que reciben as persoas agricultoras e leva a estas últimas á súa extinción»<sup>30</sup>.

A ECVC, xunto co SLG apostan polas posturas seguintes para o futuro da PAC:

- Un orzamento sólido para a PAC que garanta uns ingresos dignos ás persoas agricultoras e medios para a transición. Garantir uns prezos xustos para as persoas agricultoras, apoiar as pequenas e medianas granxas e promover a substitución xeracional, a transición agroecolóxica e a xestión de crise.
- O rexeitamento á renacionalización que ameaza a equidade e a cohesión europea.
- O mantemento de ambos piares, reforzando o segundo pilar para a agroecoloxía e o asentamento. Estamos en contra da desaparición do segundo pilar porque significaría abandonar

.....

30 Gabinete de prensa, Comunicado de prensa do SLG do 17/07/2025.

a vocación sistémica, alimentaria e rural da política agrícola común.

- O tope e a degresividade das axudas para a súa redistribución ás pequenas e medianas granxas que máis o necesitan
- Unha revisión da OCM que inclúa instrumentos de regulación do mercado
- A saída dos acordos de libre comercio e o rexeitamento do acordo UE-Mercosur actualmente en negociación.



# 5. Dereitos das mulleres coidadoras e persoas dependentes

## a) A Lei de Dependencia: dereitos e limitacións

O actual modelo galego de atención á dependencia está a perpetuar profundas desigualdades, especialmente entre as mulleres. A **Lei 39/2006**, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, recoñece o dereito a recibir coidados dignos.

Deben darse tres circunstancias para que unha persoa se encontre nunha situación de dependencia:

- a existencia dunha limitación (física, intelectual ou sensorial) que mingua determinadas capacidades da persoa.
- a incapacidade da persoa para realizar por se mesma as actividades da vida diaria
- a necesidade de asistencia por parte dunha terceira persoa.

A lei reconece os seguintes dereitos para as persoas que teñan un grao de dependencia:

O dereito ao recoñecemento da súa situación de dependencia segundo un abanico de 3 graos, do máis moderado ao máis severo. (Dende o 22 de outubro 2025, existe o grao 3+ para enfermidades dexenerativas).

- O dereito a acceder ao sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD).
- O dereito a un programa individual de Atención.
- O dereito a prestacións económicas ou servizos. Segundo o seu grao de dependencia, a persoa pode ter dereitos as seguintes prestacións:
- Prestacións económicas que pode ser tanto para coidados na contorna familiar como para apoiar o acceso a servizos.
- Servizos sociais públicos ou concertados. Pode ser axuda a domicilio, centros de día ou de noite, servizos de teleasistencia, atención residencial...
- O dereito á equidade e non discriminación.
- O dereito á participación nas súas propias decisións.
- O dereito á protección xurídica.
- O dereito á atención preferente en casos de especial vulnerabilidade.

Non obstante, a súa aplicación na Galiza presenta importantes eivas que afectan directamente ás mulleres, principais coidadoras nos fogares.

## **b) A realidade da atención non remunerada no rural.**

**A** Asociación Galega na Defensa do Sistema Público de Dependencia e Discapacidade (ASGADeD), que se creou a principios de 2025, alerta sobre a realidade actual na que a espera de media para obter unha axuda por dependencia supera os 388 días, chegando a tres anos nalgúns territorios como a provincia de Lugo. A maiores, no que levamos de ano faleceron en Galiza máis de 55 persoas agardando pola dependencia, que se suman ás máis de 7.000 que faleceron na lista de espera desde 2017<sup>31</sup>.

Esta demora vulnera o dereito das persoas dependentes a recibir unha atención adecuada, pero tamén sobrecarga ás mulleres da súa contorna, que asumen os coidados sen apoio nin recoñecemento.

O modelo que se está a consolidar na Galiza é o dun **sistema de beneficencia de baixo custo**, centrado en prestacións de escasa calidade e con tendencia crecente á privatización. A aposta institucional pola figura da coidadora non profesional (a través do chamado bono coidado familiar) supón unha **involución nos dereitos laborais e de igualdade**, xa que **recoloca os coidados sobre as costas das mulleres**, perpetuando roles de xénero e excluindo ás profesionais dos coidados.

Segundo os datos facilitados pola propia ASGADeD, en 2024 había un 25,4% de **persoas beneficiarias do Servizo de Axuda no Fogar (SAF)**, fronte a **17,51% en 2025, é dicir que hai unha clara redución das beneficiarias**. En contraste, as persoas que reciben axuda a través do bono coidador familiar aumentaron, e pasaron de **19,55% en 2024 a 23,26% en 2025**, en contra do que recomenda a Lei de Dependencia, que sinala a excepcionalidade deste recurso.

.....

31 <https://sindicatolabrego.gal/novas/nace-a-plataforma-emerxencia-dependencia-da-que-o-sindicato-labrego-galego-fai-parte/>

Este modelo ten consecuencias graves:

- **Precarización das traballadoras dos coidados**, con condicións laborais inestables e baixos salarios.
- **Falta de prazas públicas nas residencias**, cunha tendencia clara á privatización, como aconteceu recentemente cun centro público en Ourense.
- **Calidade deficiente dos servizos**, como o reparto de menús preparados sete días antes, sen control nutricional axeitado.
- **Exploración laboral de mulleres migrantes sen papeis como coidadoras internas**, en situacións próximas á escravitude.

A asociación ASGADeD, creada en 2025 por persoas de distintas profesións e sensibilidades, loita por reverter esta situación. Defenden **un sistema público de coidados**, con atención profesional, recursos suficientes e dignidade tanto para as persoas dependentes como para as coidadoras. Apoian mobilizacións, denuncian prácticas lesivas e traballan para dar visibilidade a esta realidade social ocultada.

A día de hoxe, unha persoa dependente en Galiza ten que esperar de media **393 días**, unha semana máis que en decembro de 2024, máis do dobre do que di a lei que fixa en 180 días o tempo máximo de tramitación. Ademais, hai case 1.700 persoas agardando por un servizo ou prestación á que teñen dereito recoñecido por lei, case 200 persoas máis que en decembro de 2024.

.....

## Testemuño da labrega: Henar Román

**U**nha mostra desta realidade é o testemuño de **Henar Román**, entre moitos outros, que nos relata cal é a súa situación:

«En outubro deste 2025 fai 3 anos que está aprobada a solicitude de dependencia que pedín, tanto para miña nai como para meu pai. No seu momento, concedéronlles o grado 1 a ambos. Pese a este recoñecemento, nunca recibiron ningún tipo de asistencia debido as listas de espera que hai, e meu pai faleceu polo camiño. Fai un ano decidimos solicitar o Bono Familiar e mais unha nova valoración do grado de miña nai, e aquí seguimos sen saber nada. Sempre fun a coidadora principal na miña familia, agora teño problemas de saúde o cal me imposibilita poder prestarlle a asistencia que precisa, así que tivemos que pedir o bono a nome do meu fillo. Xa van moitos meses se saber nada, igual esperan a que faleza ela tamén».



Dende unha perspectiva feminista e de dereitos, é fundamental recoñecer que a crise do sistema de coidados é tamén unha crise dos dereitos das mulleres. A solución pasa por un modelo público, universal, de calidade e con perspectiva de xénero, que garanta que todas as persoas poidan escoller como e onde queren ser coidadas, sen penalizar ás mulleres co peso da desigualdade histórica.

### c) Como solicitar axudas e recoñecementos oficiais.

**N**a Galiza, a tramitación faise a través da **Xunta de Galicia, pola Consellería de Política Social e Xuventude, servizo de dependencia**. Facemos aquí un resumo en 4 pasos para solicitar as axudas de dependencia.

★ **PASO 1: Presentación da solicitude de recoñecemento da situación de dependencia**: Para presentar a solicitude, cúbrese un formulario (modelo BS210A), ao cal se pode acceder dende a **sede electrónica da Xunta co certificado dixital** ou incluso facerse de **xeito presencial nas oficinas de servizos sociais do teu concello, nunha oficina do Sindicato Labrego Galego ou da asociación Punto Delas ou no rexistro oficial da Xunta de Galicia**. Xunto co formulario, débese entregar unha serie de documentos detallados na propia sede electrónica.

★ **PASO 2: Valoración da situación de dependencia**: Os órganos de valoración e asesoramento da dependencia realizarán a valoración integral da situación de dependencia da persoa demandante. Para isto, o persoal técnico terá en conta:

- Os baremos de valoración de dependencia establecidos normativamente,
- O exame das condicións de saúde reflectidas no informe social correspondente ao expediente do Sistema para a autonomía e atención á dependencia e outros informes sociais de que se dispoña,

- Emitirán ditame-proposta que conterá, como mínimo:
  - › Diagnóstico, puntuación do baremo, grao de dependencia (1, 2 ou 3)
  - › Carácter permanente ou revisable do grao de dependencia

**★ PASO 3: Valoración e aprobación do Programa Individual de Atención (PIA):** A proposta do Programa Individual de Atención incluírá o recurso asignado do Sistema para a autonomía e atención á dependencia e, de ser o caso, aquel ou aqueles recursos que lle correspondan ao interesado mentres non se produza a efectividade do recurso asignado. No caso dos servizos, indicará a participación da persoa beneficiaria no seu custo e, no caso das prestacións económicas, indicará as contías e data e inicio destas. A lei contempla que a valoración e a aprobación do PIA ten que elaborarse no prazo máximo de 6 meses, pero, na realidade —e sobre todo na Galiza— a media de espera é moito maior, podendo situarse en máis dun ano de espera. Por esta razón, e aconsellable non agardar a que a situación da persoa dependente se agrave para facer a demanda de prestación. Canto máis cedo se actúe, mellor.

**★ PASO 4: Emisión da resolución definitiva e realización do pago ou do servizo asignado:** Unha vez emitida a resolución, o pagamento da prestación poderá realizarse directamente ou despois de presentar a xustificación correspondente, segundo o tipo de axuda concedida. No caso de servizos, a persoa beneficiaria poderá entrar no **programa de asignación de recursos**, que é o sistema que utiliza a Consellería con competencias en servizos sociais para establecer a orde de prioridade no acceso aos **centros de día, de noite, residencias, servizos de teleasistencia e axuda no fogar** do Sistema galego de servizos sociais.



# 6. Violencias machistas no rural

## Tipos de violencia

**E**xisten varios tipos de violencias machistas, fomentadas polo sistema patriarcal de dominación dos homes sobre as mulleres, no cal nos atopamos<sup>32</sup>. Estas distintas formas de violencia están tamén definidas na lei 11/2007 galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero e na Lei 14/2021 de violencia de xénero de Galicia.

.....

32 Deputación da Coruña, guía de actuación ante situacións de violencia machista. 2024.

A continuación, detallamos cada unha delas:

|                                |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
|--------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Violencia física</b>        | Calquera acto que atenta cara a integridade física da muller.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
| <b>Violencia psicolóxica</b>   | Conductas que provocan sufrimento á muller. Poden ser menosprezos, ameazas, insultos, ignorancia...                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |
| <b>Violencia dixital</b>       | Tipo de violencia exercida a través de medios dixitais ou telemáticos. Poden ser ameazas nas redes, acoso por teléfono, ...                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |
| <b>Violencia sexual</b>        | Calquera acto de natureza sexual sen o consentimento da muller.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
| <b>Violencia económica</b>     | Privación ou control dos recursos económicos da muller.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| <b>Violencia vicaria</b>       | Reformúlase no anteproxecto de lei orgánica anunciado a finais do mes de setembro do 2025 da seguinte maneira, «aquela violencia que, co obxectivo de causar dor ou sufrimento ás mulleres, pode exercerse sobre os fillos e fillas ou descendentes, persoas menores de idade suxeitas á súa tutela ou garda e custodia, os ascendentes ou irmáns e irmás desta, así como a súa parella ou anteriores parellas, aínda que non exista convivencia»                                                                  |
| <b>Violencia institucional</b> | Pódese dar en varios ámbitos, como nos <b>centros sanitarios, xulgados, oficinas administrativas ou comisaría</b> s. «Sucedendo cando unha muller ou nena acude ás institucións do Estado e prodúcese algunha omisión, práctica ou acción que constitúen violencia machista ao obstaculizar ou impedir o exercicio do seu dereito humano á vida libre de violencias machistas e discriminación». (Tania Sordo Ruz y Lorena Garrido Jiménez, guía informativa sobre las violencias institucionales machistas, 2025) |
| <b>Violencia política</b>      | Creación dun estado político de intimidación para todas as mulleres, para impedir que se desenvolven como cidadás (Nuria Varela, El síndrome de Borgen). Consiste en anular ou restrinxir os dereitos políticos das mulleres e en consecuencia as súas traxectorias políticas (ONU).                                                                                                                                                                                                                               |

## Especificidades do rural: illamento, estigmas, dependencia económica.

**A**s violencias machistas no ámbito rural son unha realidade invisibilizada. O papel que xogan variables do contexto rural, como as relacións de veciñanza, as relacións familiares, a perpetuación dos roles de xénero ou as dificultades para o acceso á asistencia, forman parte dun ecosistema que non está libre de violencias contra as mulleres»<sup>33</sup>.

Por desgracia, nunha contorna rural, é aínda máis difícil para as mulleres poder actuar nun caso de violencia machista. Varios factores dificultan a toma de medidas como son:

- A escaseza **de servizos públicos**, incluíndo servizos sociais, sanitarios, e de seguridade...
- O illamento debido á **carencia de transporte público** para as mulleres que non teñan acceso a un automóbil.
- A **deficiente cobertura nas telecomunicacións**.
- No caso das labregas, a **falta de acceso a uns ingresos propios** polo seu traballo e, ás veces, por non ser titulares do seu proxecto agrícola.
- A **falta de anonimato**, que pode impedir que unha muller queira denunciar porque «no rural todo o mundo se coñece».

## Recursos de atención e protección: CIMs, puntos de información e as súas carencias no rural.

En caso de violencia que precise atencións urxente, pódese pedir asistencia nos números seguintes:

- Emerxencias: **112**
- Policía nacional: **091**
- Garda Civil: **062**

.....

33 EHNE Bizkaia, Mujeres Baserritarras cuidando, 2023

Dependendo dos casos e se a situación da muller non corre perigo inmediato, existe a rede dos Centros de Información á Muller (CIMs) que ofrecen asesoramento psicolóxicos e xurídicos<sup>34</sup>. Hai un listado cos contactos dos CIMs por cada provincia galega na páxina web da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta<sup>35</sup>.

Moitas veces, as listas de agarda para poder ter unha cita cun psicólogo ou xurista son bastante longas o que non permite ter unha atención como sería desexable. A parte que moitas veces os propios locais dos CIMs atópanse nas cidades.

Por outra banda, existe o teléfono da muller **900 400 273** que atende de luns a venres dende ás 8:00 ata ás 20:00. Proporciona información sobre cuestións psicolóxicas, xurídicas, laborais e de asesoramento nos casos de violencia machista<sup>36</sup>.

O goberno pon tamén a disposición o numero **016** ou polo **Whastapp 600 000 016**. **Polo correo, 016-online@igualdad.gob.es** É un servizo telefónico de asesoramento en caso de violencia.

Tamén se pode acudir a un local do Sindicato Labrego Galego ou da asociación Punto Delas, onde as traballadoras teñen formación en prevención das violencias machistas.

**O máis importante nalgún caso de violencia machista, é non quedar soa ante a situación, senón poder estar acompañada por persoas de confianza.**

.....

34 Deputación da Coruña, Guía de actuación ante situacións de violencia machista, 2024

35 <https://igualdade.xunta.gal/es/recursos/centros-de-informacion-las-mujeres?page=1>

36 <https://igualdade.xunta.gal/gl/content/telefono-da-muller>

## Axudas económicas para vítimas de violencia de xénero<sup>37</sup>

**É** de gran importancia coñecer a existencia de axudas económicas para vítimas de violencia de xénero que residen no territorio galego, e que se atopen nunha situación de precariedade económica. Estas axudas existen tanto a nivel da indemnización da muller ou das persoas dependentes que vivan con ela, polas violencias sufridas, tanto coma unha prestación de pagamento único ou periódico para independizarse do agresor a nivel económico.

- **SI434A Prestación periódica**

*A Orde do 3 de xaneiro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria para o ano 2025, da Consellería de Política Social e Igualdade, establece os seguintes requisitos para ser beneficiaria.*

Entre eles atopamos: ser muller, maior de idade vítima de violencia de xénero, estar empadroada e residir na Galiza, ter cesado a convivencia co agresor nos 12 meses anteriores á data de presentación da solicitude, carecer de recursos económicos ou ter unhas rendas inferiores ao dobre do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) vixente.

A contía por mes depende da situación da muller e vai aumentando se a muller ten a cargo un ou varios menores ou ten algunha discapacidade.

- **SI434B A axuda de pagamento único**

*Os requisitos esixidos na Orde do 3 de xaneiro de 2025 pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección*

.....

<sup>37</sup> Aquí empregase o termino de violencia de xénero porque formulase así na propia lei. Nos como organización, falamos máis ben de violencia machista.

*integral contra a violencia de xénero, e na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025, da Consellería de Política Social e Igualdade.*

Os requisitos para poder ser beneficiaria desta axuda son os seguintes: ser muller, maior de idade, vítima de violencia de xénero, non convivir coa persoa agresora, estar empadroada e residir na Galiza, carecer de rendas que superen o 75% do salario mínimo interprofesional vixente, ter especiais dificultades para atopar un emprego, e nunca ter percibido esta axuda con anterioridade.

O importe da axuda que se da á muller depende da súa situación e será maior nos casos nos cales a muller ten unha discapacidade, acolle un ou máis familiares ou menores na súa casa, ou se o familiar acollido ten unha discapacidade.

#### • **SI460A Axudas e indemnizacións**

*Os requisitos para ser beneficiaria, recollidos na Orde do 3 de xaneiro de 2025 pola que se regulan as bases para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e aos fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025, da Consellería de Política Social e Igualdade, son os seguintes:*

1. Poderán ser persoas beneficiarias da indemnización prevista na letra a) do artigo 2, en réxime de igualdade, cada un dos fillos e fillas da vítima mortal da violencia de xénero, calquera que sexa a natureza da súa filiación, sempre que na data do falecemento da súa nai cumpran algún dos seguintes requisitos:

a) Ser menores de idade e convivir coa nai, ou que manteñan con ela unha relación de contacto habitual, independentemente da renda familiar.

b) Ser maiores de idade ata 30 anos incluídos, e depender economicamente da nai e/ou do pai agresor. Entenderase que existe dependencia económica cando, na data do falecemento, as persoas beneficiarias non percibisen rendas, de calquera natureza, que en cómputo anual superen doce (12) mensualidades do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente.

2. Poderán ser persoas beneficiarias da indemnización prevista na letra b) do artigo 2 as mulleres feridas gravemente, con lesións que requiran hospitalización, como consecuencia *dunha agresión* de violencia de xénero, sempre que na data en que se producisen os feitos se cumpran os seguintes requisitos:

a) Ser muller, maior de idade ou emancipada.

b) Estar empadroada e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia. No caso das mulleres estranxeiras, tamén será necesario ter permiso de residencia e de traballo.

c) Encontrarse nunha situación de precariedade económica. Entenderase que se produce unha situación de precariedade económica cando os ingresos da unidade familiar de convivencia a que pertenza a beneficiaria, divididos polo número de membros que a compoñen, non superen o importe do IPREM vixente, durante os doce (12) meses anteriores.

3. Poderán ser persoas beneficiarias da indemnización prevista na letra c) do artigo 2 desta orde os familiares ascendentes e descendentes en 1º ou 2º grao de consanguinidade das mulleres vítimas mortais da violencia de

xénero e, de ser o caso, dos fillos e fillas da muller vítima, falecidos como consecuencia da violencia de xénero, sempre que non tivesen participación no suceso causante.

- **Subsidio para vítimas de violencia de xénero ou sexual**

A nivel estatal atopamos o **subsidio para vítimas de violencia de xénero ou violencia sexual**<sup>38</sup>. É unha axuda económica xestionada polo SEPE que busca apoiar ás persoas que sufriron este tipo de violencia e se atopan en situación de desemprego ou sen dereito á prestación contributiva. Está deseñado para facilitar a súa independencia económica e favorecer o proceso de recuperación persoal e inserción laboral.

Considérase **vítima de violencia de xénero** a muller que sofre actos de violencia física, psicolóxica ou sexual por parte do seu cónxuxe, ex-cónxuxe, parella ou ex-parella, aínda que non exista convivencia, cando estes actos se producen nun contexto de desigualdade ou dominación. Pola súa parte, enténdese por **vítima de violencia sexual** toda persoa que padeza calquera acto de natureza sexual non consentido, tanto en espazos físicos como no ámbito dixital, incluíndo agresións, acoso ou a difusión non consentida de contidos íntimos.

Para acceder a esta prestación é necesario acreditar a condición de vítima mediante unha sentenza, orde de protección, informe do Ministerio Fiscal ou informe emitido polos servizos sociais competentes. Ademais, a persoa solicitante debe estar desempregada, inscrita como demandante de emprego e carecer de rendas propias que superen o **75 %** do Salario Mínimo Interprofesional. A solicitude debe presentarse nun prazo máximo de seis meses desde o recoñecemento da condición de vítima.

.....

38 <https://www.sepe.es/HomeSepe/es/prestaciones-desempleo/subsidio-desempleo/victimas-violencia-genero-o-sexual.html>

O subsidio pode percibirse durante un período máximo de trinta meses, aínda que esta duración pode reducirse se a beneficiaria xa cobrou anteriormente a Renda Activa de Inserción.

A contía mensual está vinculada ao IPREM vixente, que na actualidade é de 600€, ademais desde este 2025 pode compatibilizarse co traballo mediante un complemento de apoio ao emprego. Este importe percíbese nun 95% durante os 180 primeiros días, 90% do día 181 ata o día 360 e despois o 80% do IPREM o tempo que quede restante.





# 7. Ferramentas e recursos para o apoderamento das mulleres.

## Participación social e política das mulleres labregas.

**É** necesario que as mulleres participen con voz propia nos espazos públicos das súas organizacións» María Ferreiro Santos, responsable da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego nunha entrevista para o Fouce 351 (xaneiro-febreiro 2025).

No seu libro «El síndrome Borgen, por qué las mujeres abandonan la política?», Nuria Varela fala da ausencia das mulleres nos órganos de gobernanza e nos lugares onde se toman as decisións. Leva a cabo unha análise profunda das causas deste abandono, entre elas a falta de respecto e de recoñecemento das mulleres, ou a presión sobre o seu corpo. Reafirma o feito que moitos países do mundo teñen modelos patriarcais, algúns sendo patriarcais de coerción (ditaduras, por exemplo, con leis que van explicitamente en contra das mulleres) e outros sendo patriarcais de consentimento. Este último caso, é o caso do Estado español, quen ten aprobadas moitas leis en favor da igualdade, pero sigue tendo unhas situacións moi desiguais na realidade. Unha delas sendo a falta de

presenza das mulleres nos órganos do poder, a falta de igualdade nos salarios, a brecha de xénero nas pensións, a tripla carga de traballo das mulleres...

Aínda así, a presenza das mulleres nos órganos de gobernanza é imprescindible para poder avanzar ata un cambio de paradigma na sociedade e para poder defender os seus dereitos. Para isto, temos que traballar nas barreiras á participación das mulleres. Unha publicación do 2020 sobre «Participación política de las mujeres campesinas en el Estado español» da Fundación Mundubat e CERES fala das seguintes barreiras á participación das labregas nas organizacións agrarias, cooperativas ou redes de produtoras:

- **Distancia cara aos temas tratados**, que ten que ver co marco masculinizado das reunións e das temáticas abordadas, que moitas veces non corresponden coas dinámicas que teñen as mulleres para organizarse.
- **Falta de lexitimidade das capacidades e opinións das mulleres**, debido ao feito que moitas veces as mulleres senten que as súas opinións se ignoran ou non se teñen en conta nas reunións.
- **Horarios das reunións**, que moitas veces dificultan a participación das mulleres porque corresponden aos tempos dos homes.
- **Falta de credibilidade e visibilidade**, debido ao feito de que as mulleres son moitas veces relegadas ao papel de «muller de» ou «filla de», pero nunca como titular do proxecto agrario.
- **Falta de referentes femininos**, nos materias de comunicación das entidades agrarias e nos medios de comunicación en xeral.
- **Problemas de mobilidade**, especialmente nas persoas maiores que ás veces non teñen carné de conducir ou de coche para poder desprazarse.

- **A sobrecarga de traballo das mulleres**, quen moitas veces teñen unha tripla carga, asumindo as tarefas do fogar, o traballo produtivo e o traballo asociativo na comunidade.

Unha das claves para fomentar a participación das mulleres nos espazos públicos é a forxa das alianzas, e da comunidade, a través da xuntanza de moitas labregas cada ano na Secretaría das Mulleres do SLG, por exemplo. Nunha entrevista do Fouce 346 (febreiro-marzo 2024), Isabel Vilalba, Secretaria Xeral do SLG, conta o seguinte:

«historicamente trasladóusenos ás mulleres que o espazo público era o espazo para os homes, onde eles participaban de maneira natural. Moitas veces as mulleres tiñamos máis dificultade para trasladar as nosas vivencias, para falar en público, porque se consideraba ás veces que a nosa palabra non era válida ou que non tiñamos os coñecementos suficientes. Por iso falamos de facer un espazo onde as mulleres se puideran xuntar e se sentiran nun ámbito de seguridade».

### **Formacións e espazos de encontro: exemplo do encontro anual da secretaría das mulleres do SLG**

**U**nha gran ferramenta de apoderamento empregada polo Sindicato Labrego Galego, é a Secretaría das Mulleres, creada no ano 1990, exclusivamente adicada a temática de feminismo, dende onde se organizan cada ano formacións para labregas. Por outra banda, cada ano, entorno ao 8 de marzo, ten lugar na Galiza un encontro da Secretaría, que representa unha gran oportunidade para as labregas do territorio para xuntarse e intercambiar coñecementos, unir forzas nas loitas, fortalecer alianzas con aliadas, intercambiar sementes e visitar proxectos labregos no territorio. A localización do encontro vai alternándose en distintos lugares do territorio.

Fortalecer vínculos, crear unha comunidade forte no territorio e ter acceso a espazos seguros de participación é imprescindible para fomentar o apoderamento das labregas. Estes espazos son escolas labregas feministas, dende as cales poden fortalecerse redes e a propia autoestima e forza das mulleres para loitar para unha sociedade máis igualitaria e xusta.

A responsable da Secretaría, María Ferreiro, explicando os obxectivos do último encontro de mulleres, declarou o seguinte:

«Esa fin de semana é un tempo para compartir, estar xuntas e tratar temáticas que como mulleres labregas feministas nos afectan no noso día a día, e ver tamén como traballamos como organización para defender as nosas reivindicacións na nosa vida diaria e como nos organizamos como labregas nunha organización mixta».



1. Encontro da Secretaría das Mulleres «20 ANOS DA MAN», marzo 2024, Chantada
2. Encontro da Secretaría das Mulleres «LABREGAS ORGANIZADAS, LABREGAS APODERADAS», marzo 2025, Lugo



# 8. Bibliografía

- Punto Delas, *Mulleres que coidan da terra e da comunidade*, 2024.
- Andrea P. Sosa Varrotti, *Agroécologie(s), femmes et travail*, 2014.
- Mundubat y Ceres, *Participación política de las mujeres en el estado español*, 2020

## 1. Marco xurídico e institucional

- Declaración Universal dos dereitos humanos, [https://www.ohchr.org/sites/default/files/UDHR/Documents/UDHR\\_Translations/spn.pdf](https://www.ohchr.org/sites/default/files/UDHR/Documents/UDHR_Translations/spn.pdf), consultado o 18 de setembro 2025.
- Convenio 100 sobre igualdade de remuneración, [https://normlex.ilo.org/dyn/nrmlx\\_es/?p=NORMLEXPUB:12100:0::NO::p12100\\_instrument\\_id:312245](https://normlex.ilo.org/dyn/nrmlx_es/?p=NORMLEXPUB:12100:0::NO::p12100_instrument_id:312245), consultado o 18 de setembro 2025
- Convenio sobre o consentimento para o matrimonio, a idade mínima para contraer matrimonio e os rexistros dos matrimonios, <https://www.ohchr.org/es/instruments-mechanisms/instruments/convention-consent-marriage-minimum-age-marriage-and>, consultado o 18 de setembro 2025.
- Convenio 111 sobre discriminación en materia de emprego e ocupación, <https://boe.es/buscar/pdf/1968/BOE-A-1968-1411-consolidado.pdf>, consultado o 18 de setembro 2025.
- Convención sobre a eliminación de todas as formas de violencia sobre a muller, [https://www.ohchr.org/sites/default/files/cedaw\\_SP.pdf](https://www.ohchr.org/sites/default/files/cedaw_SP.pdf), consultado o 18 de setembro 2025.
- Convenio 156 sobre traballadores con responsabilidades familiares, [https://normlex.ilo.org/dyn/nrmlx\\_es/?p=NORMLEXPUB:12100:0::NO:12100:P12100\\_INSTRUMENT\\_ID:312301:NO](https://normlex.ilo.org/dyn/nrmlx_es/?p=NORMLEXPUB:12100:0::NO:12100:P12100_INSTRUMENT_ID:312301:NO), consultado o 18 de setembro 2025.
- Declaración mundial de dereitos humanos de Viena, [https://www.ohchr.org/sites/default/files/Documents/Events/OHCHR20/VDPA\\_booklet\\_Spanish.pdf](https://www.ohchr.org/sites/default/files/Documents/Events/OHCHR20/VDPA_booklet_Spanish.pdf), consultado o 18 de setembro 2025.
- Declaración e Plataforma de Acción de Beijing, [https://www.unwomen.org/sites/default/files/Headquarters/Attachments/Sections/CSW/BPA\\_S\\_Final\\_WEB.pdf](https://www.unwomen.org/sites/default/files/Headquarters/Attachments/Sections/CSW/BPA_S_Final_WEB.pdf), consultado o 18 de setembro 2025.
- Declaración das Nacións Unidas de 2018 sobre os dereitos das persoas campesiñas e outras persoas que traballan no rural, <https://viacampesina.org/wp-content/uploads/2020/04/UNDROP-Book-of-Illustrations-I-ES-I-Web.pdf>, consultado o 22 de setembro 2025.

- Faraoni V., Mammama I., 2024, Cómo aplicar la UNDROP a escala europea y nacional para promover los derechos de lxs campesinxs, Coordinación Europea Vía Campesina, Bruselas
- ENHE BIZKAIA, Análisis de las leyes que reconocen a las mujeres baserritarras
- Constitución española, [https://www.boe.es/eli/es/c/1978/12/27/\(1\)/con](https://www.boe.es/eli/es/c/1978/12/27/(1)/con) , consultado o 7 de outubro 2025.
- Lei orgánica 2/2024 de representación paritaria e presenza equilibrada de mulleres e homes, <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2024-15936> , consultado o 7 de outubro 2025.
- Lei orgánica 10/2022 de garantía integral de liberdade sexual, <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2022-14630> , consultado o 7 de outubro 2025.
- Lei orgánica 3/2007 pola igualdade efectiva de mulleres e homes, <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2007-6115> , consultado o 7 de outubro 2025.
- Lei orgánica 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, <https://boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2004-21760> , consultado o 7 de outubro 2025.
- Lei 4/2023 para a igualdade real e efectiva das persoas trans e dereitos das persoas LGTBI, <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2023-5366> , consultado o 7 de outubro 2025.
- Lei 15/2022 integral para a igualdade de trato e a non discriminación, <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2022-11589> , consultado o 7 de outubro 2025.
- Lei 1/2021 de medidas urxentes en materia de protección e asistencia ás vítimas de violencia de xénero, <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2021-4629> , consultado o 7 de outubro 2025.
- Lei 7/2004 do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2004/20040803/Anuncio1501E\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2004/20040803/Anuncio1501E_gl.html) , consultado o 7 de outubro 2025.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, [https://www.boe.es/diario\\_boe/txt.php?id=BOE-A-2007-16611](https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2007-16611) , consultado o 7 de outubro 2025.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, para a igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais (LGBTI) na Galiza, <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2014-5488> , consultado o 7 de outubro 2025.
- Lei 14/2021 de violencia de xénero da Galiza, [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210728/AnuncioC3BO-230721-0002\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210728/AnuncioC3BO-230721-0002_gl.html) , consultado o 7 de outubro 2025.
- Lei 7/2023 Igualdade da Galiza, [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20231211/AnuncioC3BO-301123-0001\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20231211/AnuncioC3BO-301123-0001_gl.html) , consultado o 7 de outubro 2025.

## 2. Fórmulas xurídicas para as mulleres labregas

- Tareixa Ledo Regal, «Lidia Senra Rodríguez a historia dun liderado entrañable», edicións Laiovento, 2010
- Lei 35/2011 do 4 de outubro sobre titularidade compartida das explotacións agrarias, <https://www.boe.es/buscar/pdf/2011/BOE-A-2011-15625-consolidado.pdf>, consultado o 24 de setembro do 2025.
- [https://www.mapa.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/igualdad\\_genero\\_y\\_des\\_sostenible/titularidad\\_compartida/](https://www.mapa.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/igualdad_genero_y_des_sostenible/titularidad_compartida/), consultado o 7 de outubro 2025
- <https://www.mapa.gob.es/es/alimentacion/temas/integracion-asociativa/sociedades-agrarias>, consultado o 24 de setembro 2025.
- Xornal Fouce 250, xaneiro 2007
- Real Decreto 1786/1981 polo que se aproba o Estatuto das Sociedades Agrarias de Transformación, <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-1981-18431>, consultado o 7 de outubro 2025.
- Informe resultante de la investigación social elaborada para el estudio sobre las diferentes formas jurídicas de titularidad de las explotaciones agrarias de Euskadi
- Lei 5/1998 de Cooperativas de Galicia, <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1999-6940>, consultado 1 de outubro 2025.
- <https://agaca.coop/gl/cooperativas/>, consultado o 24 de setembro 2025.

## 3. Ferramentas económicas para a autonomía das mulleres

- Orden do 9 de xullo 2025, axuda programa EMEGA para o fomento do emprendemento feminino na Galiza SI429A, [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250714/AnuncioG0762-100725-0001\\_es.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250714/AnuncioG0762-100725-0001_es.html), consultado o 24 de setembro do 2025.
- SI440A Axudas á conciliación da vida persoal, familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da xornada de traballo, [https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?langId=es\\_ES&codtram=SI440A&gateway=true](https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?langId=es_ES&codtram=SI440A&gateway=true), consultado o 24 de setembro do 2025.
- BS412A, Axudas económicas as familias para a conciliación en situacións puntuais e períodos de vacacións escolares a través do Bono Concilia Familia [https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?langId=es\\_ES&codtram=BS412A&gateway=true](https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?langId=es_ES&codtram=BS412A&gateway=true), consultado o 24 de setembro do 2025.
- <https://www.seg-social.es/wps/portal/wss/internet/Trabajadores/PrestacionesPensionesTrabajadores/4c43ce49-6636-4a12-bacf-5e6697eb81da>, consultado o 24 de setembro do 2025.

- <https://portal.seg-social.gob.es/wps/portal/importass/importass/Colectivos/Trabajo+Autonomo/guia#post-ad499f10-3b94-4a26-b4d7-91cd3f2b19a6>, consultado o 25 de setembro 2025

## 4. A PAC con perspectiva de xénero

- <https://www.mapa.gob.es/es/pac/historia-pac/>
- <https://www.europarl.europa.eu/factsheets/es/sheet/329735/el-desarrollo-rural-y-la-pac>
- <https://www.europarl.europa.eu/factsheets/es/sheet/329735/el-desarrollo-rural-y-la-pac>
- Fouce 351 xaneiro-febreiro 2025
- Fouce 342 feb-marzo 2023
- Georgia Diamanti, Marije van Santen, Jessica Duncan, Gender analysis of the New CAP (D5.3), marzo 2024.
- [https://ec.europa.eu/enrd/enrd-static/networks-and-networking/eu-organisations/eu-organisations/es/ecvc\\_es.html](https://ec.europa.eu/enrd/enrd-static/networks-and-networking/eu-organisations/eu-organisations/es/ecvc_es.html)
- Gabinete de prensa, Comunicado de prensa do SLG do 17/07/2025
- Bases reguladoras, DOG, Orde 11 de xuño 2025, Consellería de Medio Rural: [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250625/AnuncioG0426-110625-0003\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250625/AnuncioG0426-110625-0003_gl.html)
- Resolucións DOG, 29 de xaneiro de 2025, Consellería de Medio Rural: <https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia/>
- Resolucións DOG, 29 de xaneiro de 2025, Consellería de Medio Rural: [https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia/mostrarContenido.do?ruta=/2025/20250129/Secciones1\\_gl.html&paginaCompleta=false&fecha=29/01/2025&compMenu=10102](https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia/mostrarContenido.do?ruta=/2025/20250129/Secciones1_gl.html&paginaCompleta=false&fecha=29/01/2025&compMenu=10102)

## 5. Dereitos das mulleres coidadoras e persoas dependentes

- **Lei 39/2006**, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, <https://www.boe.es/buscar/pdf/2006/BOE-A-2006-21990-consolidado.pdf>, consultado o 25 de setembro 2025.
- Páxina web da asociación ASGADED, <https://asgaded.gal/>
- <https://sindicatolabrego.gal/novas/nace-a-plataforma-emerxencia-dependencia-da-que-o-sindicato-labrego-galego-fai-parte/>

## 6. Violencias machistas no rural

- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, <https://boe.es/buscar/pdf/2004/BOE-A-2004-21760-consolidado.pdf>, consultado o 14 de outubro 2025.
- Lei 11/2007 galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero,
- Lei 14/2021 de violencia de xénero de Galicia
- Deputación da Coruña, guía de actuación ante situacións de violencia machista. 2024
- EHNE Bizkaia, Mujeres Baserritarras cuidando, 2023
- Tania Sordo Ruz y Lorena Garrido Jiménez, guía informativa sobre las violencias institucionales machistas, 2025
- <https://igualdade.xunta.gal/es/recursos/centros-de-informacion-las-mujeres?page=1>
- <https://igualdade.xunta.gal/gl/content/telefono-da-muller>
- Orde do 3 de xaneiro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria para o ano 2025; [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250206/AnuncioG0762-170125-0003\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250206/AnuncioG0762-170125-0003_gl.html), consultado o 14 de outubro do 2025
- Orde do 3 de xaneiro de 2025 pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025, [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250122/AnuncioG0762-070125-0005\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250122/AnuncioG0762-070125-0005_gl.html), consultado o 14 de outubro 2025
- Páxina oficial do SEPE, <https://www.sepe.es/HomeSepe/es/prestaciones-desempleo/subsidio-desempleo/victimas-violencia-genero-o-sexual.html>, consultada o 13 de outubro de 2025

## 7. Ferramentas e recursos para o apoderamento das mulleres

- Nuria Varela, El síndrome Borgen, por qué las mujeres abandonan la política?, 2023
- Mundubat y Ceres, Participación política de las mujeres campesinas en el Estado español, 2020
- Fouce 346, febreiro-marzo 2024
- Fouce 351, xaneiro-febreiro 2025







**Deputación**  
**DA CORUÑA**

